

# **ECONÓMICA APLICADA • 20**

Gonzalo Rodríguez Rodríguez.  
Departamento de Economía Aplicada.  
FF. CC. Económicas e Empresariais.  
Av. Do Burgo das Nacións s/n.  
15.704 Santiago de Compostela.  
e-mail: [eagr@usc.es](mailto:eagr@usc.es)

**A CALIDADE DE VIDA COMO FACTOR DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL.  
UNHA APLICACIÓN Á COMARCA DO EUME.**

## **CONSELLOS EDITOR:**

**XO AQUÍN ALVAREZ CORBACHO**

Dpto. Economía Aplicada.

**MANUEL ANTELO SUAREZ**

Dpto. Fundamentos do Análise Económica.

**JUAN J. ARES FERNÁNDEZ**

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

**XESÚS LEOPOLDO BALBOA LÓPEZ**

Dpto. Historia Contemporánea e América.

**XOSÉ MANUEL BEIRAS TORRADO**

Dpto. Economía Aplicada.

**JOAM CARMONA BADÍA**

Dpto. Historia e Institucións Económicas.

**LUIS CASTAÑÓN LLAMAS**

Dpto. Economía Aplicada.

**MELCHOR FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ**

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

**MANUEL FERNÁNDEZ GRELA**

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

**XO AQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA**

Dpto. Economía Aplicada.

**LOURENZO FERNÁNDEZ PRIETO**

Dpto. Historia Contemporánea e América.

**CARLOS FERRÁS SEXTO**

Dpto. Xeografía.

**IGNACIO GARCÍA JURADO**

Dpto. Estatística e Investigación Operativa.

**Mª DO CARMO GARCÍA NEGRO**

Dpto. Economía Aplicada.

**XESÚS GIRÁLDEZ RIVERO**

Dpto. Historia Económica.

**WENCESLAO GONZÁLEZ MANTEIGA**

Dpto. Estatística e Investigación Operativa.

**MANUEL JORDÁN RODRÍGUEZ**

Dpto. Economía Aplicada.

**RUBÉN C. LOIS GONZÁLEZ**

Dpto. Xeografía e Historia.

**EDELMIRO LÓPEZ IGLESIAS**

Dpto. Economía Aplicada.

**XOSÉ ANTÓN LÓPEZ TABOADA**

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

**ALBERTO MEIXIDE VECINO**

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

**EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

Dpto. Economía Aplicada.

**MIGUEL POUSA HERNÁNDEZ**

Dpto. de Economía Aplicada.

**CARLOS RICOY RIEGO**

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

**JOSÉ Mª DA ROCHA ALVAREZ**

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

**ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**

Dpto. Xeografía.

**XAVIER ROJO SÁNCHEZ**

Dpto. Economía Aplicada.

**XOSÉ SANTOS SOLLA**

Dpto. Xeografía e Historia.

**FRANCISCO SINEIRO GARCÍA**

Dpto. Economía Aplicada.

## **COORDENADORES DA EDICIÓN:**

**-Área de Análise Económica**

Juan J. Ares Fernandez

**-Área de Economía Aplicada**

Manuel Jordán Rodríguez

**-Área de Xeografía**

Rubén C. Lois González

**-Área de Historia**

Lorenzo Fernández Prieto

## **ENTIDAD ES COLABORADORES**

Fundación Caixa Galicia

Consello Económico e Social de Galicia

Fundación Feiraco

Instituto de Estudos Económico de

Galicia Pedro Barrié de la Maza

Caixanova

**Edita:** Servicio de Publicación da Universidade de Santiago de Compostela

**ISSN:** 1138 - 2686

**D.L.G.:** C-1689-2003

# A CALIDADE DE VIDA COMO FACTOR DE DESENVOLVEMENTO RURAL. UNHA APLICACIÓN Á COMARCA DO EUME.

Gonzalo Rodríguez Rodríguez.

Departamento de Economía Aplicada.  
FF. CC. Económicas e Empresariais.  
Av. Do Burgo das Nacións s/n.  
15.704 Santiago de Compostela.  
e-mail: [eaqrr@usc.es](mailto:eaqrr@usc.es)

## Resumo.

O presente documento de traballo ten por obxecto abordar a cuestión da calidade de vida como factor de desenvolvemento en áreas rurais e cidades intermedias. Neste senso consideramos que a calidade de vida é unha expresión do grao de desenvolvemento do territorio avaliable mediante os indicadores axeitados, pero tamén que a calidade de vida pode ser un factor impulsor do desenvolvemento e que, como tal, debe ser incorporado ós procesos de reflexión estratéxica locais.

A tal efecto plantexamos en primeiro lugar seis pares de factores ou criterios de referencia mediante os que observar os distintos elementos e procesos que inciden na calidade de vida e establecer en que senso inflúen en esta.

En segundo lugar e en base á definición dos diversos ámbitos de análise propuxemos os indicadores que permitiran avaliar a calidade de vida percibida polos residentes e establecer en que medida esta actúa limitando ou facilitando os procesos de desenvolvemento. Neste caso, ademais, ilustramos as nosas propostas cunha aplicación destes indicadores sobre un territorio real, a comarca do Eume, a efectos de aproximarnos con maior precisión a adecuación destes indicadores para os fins que nos propuxemos.

**Palabras Clave:** calidade de vida, desenvolvemento local, desenvolvemento rural.

## Abstract.

The present working paper has for object to approach the question of the quality of life like factor of development in rural surface areas and intermediate cities. In this sense we consider that the quality of life it is an expression of the degree of the development of a territorio evaluable by means of the appropriate indicators, but also that the quality of life it can be an impeller factor of the development and that, as such, duty to be incorporate to the processes of local strategic reflection.

To such an effect we outline, in the first place, six couples of factors or approaches reference by means of those that to observe the different elements and processes that impact in the quality of life and to establish sense in the fact that influences in this.

In second place, and based on the definition of the diverse environments of analysis, we proposed the indicators that allowed to evaluate the quality of life perceived for the residents and to establish measure in the fact that this it acts limiting or facilitating the processes of development. In this case we also illustrate our propostas with an application of these indicators on a real territory, the district of Eume, wiht the object of to approaches with more precision to the adaptation of these indicators for the ends that we intended.

**Key Words:** quality of life, local development, rural development.

# A CALIDADE DE VIDA COMO FACTOR DE DESENVOLVEMENTO RURAL. UNHA APLICACIÓN Á COMARCA DO EUME.

## 1. INTRODUCCIÓN.

O concepto de calidade de vida ten sido estudiado dende diversas disciplinas ao longo da historia e case sempre coa perspectiva de acadar indicadores estándar que permitiran a cuantificación ou medición desa calidade de vida en tanto que expresión do grao de progreso acadado pola sociedade obxecto de medición. Outro factor común a estes tratamentos é o evidente predominio da perspectiva urbana, de xeito que se limita drasticamente a amplitude espacial e histórica das conclusións acadadas.

Sen embargo, se ben a calidade de vida é expresión da senda económica, social e medioambiental seguida por un determinado territorio ao longo do tempo, tamén é piar sobre o que no futuro se debe construír a súa estratexia de concorrencia global. A calidade de vida é, polo tanto, elemento activo desa estratexia e non só un mero indicador do grao de éxito no desenvolvemento acadado.

Visto o anterior, consideramos necesario afondar no tratamento das diversas relacións entre a calidade de vida e os procesos de desenvolvemento dos territorios, en particular para áreas rurais ou semiurbanas, sobre as que nesta materia existe unha menor bagaxe de coñecemento. A estes efectos, e dado que a propia diversidade da estrutura dos territorios impide a consecución de indicadores ou tratamentos universais, tentaremos que as conclusións acadadas sexan representativas, cando menos para o caso galego, tomando, a estes efectos, como referencia unha comarca eminentemente rural, con asentamentos urbanos intermedios, como é a do Eume, cuxa complexidade interna permitiranos afondar na multiplicidade de relacións existentes.

Trataremos, en definitiva, de descompoñer os distintos elementos que determinan a calidade de vida percibida pola poboación có obxecto de poder levar a cabo no futuro análises sistemáticas de outros entornos. Así mesmo, pretendemos acadar metodoloxías de diagnóstico que resulten facilmente empregables polos axentes locais ou entidades planificadoras e que, polo tanto, non requiran do emprego de excesivo tempo e recursos.

Tal proceso permitiranos comprobar a suficiencia ou insuficiencia dos indicadores propostos para proporcionar unha visión fidedigna da calidade de vida de que disfruta un territorio, neste caso a Comarca do Eume, aproximándonos así á determinación dos límites interpretativos e das necesidades complementarias de información.

## **2. METODOLOXÍA.**

O concepto de calidade de vida constitúe unha idea intrinsecamente ligada a noción de sociedade, entendida, de xeito xeralmente aceptado, como *o conxunto de seres humanos relacionados entre si a través de conexións estables cuxo fin é acadar de maneira colectiva a satisfacción das necesidades de cada membro do conxunto, asegurando a subsistencia individual e do grupo*. Tal idea implica relacións entre os seres humanos entre si e entre estes e o medio natural, que son tendentes á consecución dun certo grao de benestar.

Deste modo practicamente anticipamos a definición de calidade de vida, que entendemos con Delgado e Failache (1993) como *o grao de benestar das comunidades e da sociedade, determinado pola satisfacción das súas necesidades fundamentais, entendidas estas como os requirimentos dos grupos humanos e dos individuos para asegurar a súa existencia, permanencia e transcendencia nun espacio dado e nun momento histórico determinado*.

Tal benestar é dificilmente acadable sen a existencia de equidade, definida como *un valor mediador entre xeracións, sociedade e natureza, ricos e pobres..., que asigna coherencia ao acceso e distribución xusta dos recursos, oportunidades e potencialidades* (Espinosa, 2001). Consecuentemente, a existencia de exclusión ou marxinação constitúe un elemento substancial á hora de interpretar a calidade de vida.

A satisfacción desas necesidades implica o acceso a bens de consumo individual e colectivo e que, polo tanto, son provistos polo mercado e polo estado respectivamente. O acceso aos primeiros dependerá da renda disponible (nivel de vida dos individuos) e das posibilidades de consumo no territorio, o acceso aos segundos da oferta pública.

Por outra banda, as medidas conducentes a unha determinada calidade de vida implican accións de carácter colectivo, polo que a calidade e a cantidade de relacións entre individuos no marco dunha comunidade e os seus símbolos de identificación son parte, tamén, do marco de análise.

Finalmente, o propio termo *vida* implica unha serie de relacións co entorno medioambiental, que afectan a satisfacción tanto de necesidades materiais como inmateriais dos seres humanos.

En definitiva, entendemos a calidade de vida como a satisfacción do conxunto de necesidades que se relacionan coa existencia e benestar das comunidades, a preservación da cultura da sociedade en que se insertan e das condicións ambientais, unidas as formas de organización interna que unha sociedade posúe para satisfacer os seus requerimentos (Gallopín, 1982).

Non obstante o carácter histórico e territorializado da calidade de vida, os grandes epígrafes nos que se adoita clasificar o noso obxecto de estudo amosan unha notoria afinidade (non exenta de adaptacións específicas a cada unidade de análise), sendo usual incorporar cuestións tales como, educación, saúde, participación económica, vivenda, servizos básicos, ocio, cultura, seguridade persoal, así como a relación co medio ambiente (Delgado, 1998; Hummel, 1999; Unión Europea, 1999). No noso caso estruturamos a nosa análise nos seguintes epígrafes: *Nivel de vida, Exclusión e marxinação social; Identidade comarcal e vertebración social; Oportunidades culturais; Servizos Sanitarios; Oferta educativa; Servizos sociais; Servizos comerciais; e Entorno natural e patrimonial.*

Nesta aplicación práctica prescindimos de determinados indicadores, ben por que están pensados para áreas urbanas (como pode ser a medición das actividades delictivas, que no medio rural teñen unha incidencia menor que nas grandes aglomeracións urbanas), ben por que unha primeira aproximación ao territorio permitiunos descartar a súa

incidencia ou existencia (como é o caso dos procesos de participación<sup>1</sup> na toma de decisións políticas, que neste territorio son completamente inexistentes).

O noso propósito non é alleo a unha das grandes dificultades da ciencia económica, a definición das necesidades, que xunto coa diversidade dos territorios dificulta o establecemento de indicadores estándar da calidade de vida. Non é este o debate, dende logo, que nesta ocasión queremos abordar, pero si é un factor que nos apunta a importancia de empregar indicadores cuantitativos e cualitativos, así como de contextualizar no territorio as pistas ou informacións que eses indicadores nos aporten.

Para a confección de este traballo baseámonos en dúas fontes, dunha banda nunha selección da literatura existente sobre a cuestión que nos ocupa, doutra banda, na experiencia e reflexións que nos proporcionou a medición da calidade de vida que realizamos co obxecto de deseñar o *Plan Estratégico de Desenvolvemento Rural para o Territorio Euroeume*, proxecto dirixido polo profesor Edelmiro López Iglesias, e que posteriormente foi ampliada a efectos de acadar unha máis completa verificación da adecuación dos indicadores propostos e da forma de interpretalos.

Para a posta en práctica das propostas teóricas empregamos información procedente das máis diversas fontes tanto primarias como secundarias, dende organismos estatísticos oficiais, como o IGE (Instituto Galego de Estatística) ou INE (Instituto Nacional de Estatística), ate diversos organismos administrativos de carácter rexional e local. Así mesmo, empregamos a información cualitativa extraída das reunións mantidas con diversos axentes cualificados da comarca, como son os representantes do tecido asociativo, que foron convocados segundo o carácter social, a súa dinamicidade ou a súa orientación á problemática específica da muller.

A percepción da calidade de vida resposta a un marco complexo de interaccións no que inflúen as condicións materiais, lazos afectivos, aspectos ideolóxicos, condicións subxectivas, etc. Neste senso propoñemos seis pares de factores cós que tentamos sistematizar as forzas que inciden sobre a repercusión que un determinado elemento ten

---

<sup>1</sup> Aínda que non existen mecanismos de participación social nos procesos políticos, máis aló dos electoriais, si existen unha serie de relacións sociais que, particularmente no referido a vida asociativa, son obxecto da nosa análise.

sobre o benestar dunha colectividade. Trátase, en definitiva, de propoñer un prisma que nos permita observar os distintos aspectos que pode incorporar cada unha das variables analizadas.

Tales factores podemos agrupalos en seis pares, que a continuación describimos:

▪ **Cognitivos/Afectivos:**

Os factores *cognitivos* fan referencia a un proceso comparativo individual e colectivo de obxectivos e logros acadados (Cantril<sup>2</sup>, 1965).

Pola súa banda os *afectivos* fan referencia á calidade dos vínculos interpersonais que os residentes no territorio poidan ter establecido entre si. A existencia de fortes vínculos, xa sexa de tipo comunitario, familiar, asociativo, ou de outro tipo, provocará o arraigo da poboación no territorio, será un factor de permanencia e na medida en que satisfaga ás persoas redundará nunha superior percepción da calidade de vida. Tal factor é unha das expresións da cultura do territorio que fai referencia ó modo en que as persoas se relacionan entre si, relacións que poden ser definidas como o capital social do territorio (B. Hummel, 1999)

▪ **Obxectivos/Subxectivos:**

Factores *obxectivos* son todos aqueles susceptibles de medición e cuantificación e cuxa tenencia ou presenza no territorio pode indicar unha certa calidade de vida, como por exemplo: a renda, as infraestructuras, os servizos públicos, espazos naturais non contaminados, etc.

*Subxectivos*, son aqueles derivados tanto da percepción que os residentes teñen da calidade de vida que disfrutan, como da satisfacción de necesidades inmateriais. Tal percepción pode ser congruente ou incongruente en diversos grados cos factores obxectivos, non tendo por que existir unha correlación estricta entre ambos, se ben adoita existir un ou varios factores obxectivos que resultan condicionantes desa percepción.

---

<sup>2</sup> Cantril (1965) consideraba este tipo de factores en senso exclusivamente individual, sen embargo consideramos preciso ampliar esta definición, posto que esa comparación se referencia só noutras persoas se non que consideramos que tamén o fai a respecto de outros territorios.



- **Endóxenos/Esóxenos:**

As condicións para a calidade de vida que poidan darse nun determinado territorio teñen un carácter relativo, e dicir, están condicionadas pola existencia de territorios que poidan resultar referentes para os habitantes locais. Así, por exemplo, a existencia dun Territorio B próximo ou coñecido polos habitantes locais no que exista un amplo número de infraestructuras pode provocar unha baixa calidade de vida no Territorio A analizado, aínda que neste as infraestructuras, non sendo tan abundantes como no territorio B, sexan axeitadas ás características e condicionantes obxectivos do Territorio A. En definitiva, os territorios, ao igual que as persoas defínense en función dos *outros*, polo que a calidade de vida dependerá tamén de factores *esóxenos*.

Por outra banda, as nocións que no exterior do territorio existen a cerca del condicionan a imaxe e percepción que os residentes locais teñen. Do mesmo modo que unha alta autoestima, unha forte noción de identidade ou unha dinámica de valorización do propio poden provocar o aprezo ou interese dos axentes alleos ao territorio.

- **Colectivos/individuais:** como xa se indicou non todas as necesidades das persoas, tanto materiais como inmateriais, poden ser satisfeitas dun modo individual ou resultan individualizables.
- **Dotación de recursos/acceso aos recursos:** non cabe dúbida de que as dotacións de recursos existentes nun territorio resultan determinantes da calidade de vida, pero tamén debemos ter en conta que a condición suficiente ben dada pola medida en que a poboación accede a eses recursos. Unha análise limitada só a primeira parte reduciría drasticamente a profundidade e validez dos resultados acadados. Así, por exemplo, nun territorio pode existir un grande número de instalacións deportivas pero estas, se só son accesibles mediante pago ou algún tipo de asociación, poden excluír a grupos importantes de poboación. Do mesmo xeito pode acontecer coa educación, a sanidade, etc.
- **Condicións de partida/ideal de calidade de vida:** outra perspectiva a ter en conta á hora de avaliar a calidade de vida é a relativización que os residentes do territorio

fan entre as condicións de partida e o status ou nivel de desenvolvemento no que consideran que desfrutarían dunha elevada calidade de vida.

### **3. PROPOSTAS DE INDICADORES E APLICACIÓN Á COMARCA DO EUME.**

#### **3.1. Nivel de vida.**

A efectos da análise que estamos a realizar entendemos nivel de vida como a relación entre o ingreso dispoñible por parte da poboación e a capacidade de consumo que efectivamente é levada a cabo por parte desta, que sería riqueza a disposición dos individuos.

No caso de Galiza dispoñemos directamente do dado de renda o que nos permite excluír outros análises indirectos mediante os que aproximarnos á riqueza a disposición da sociedade, como serían as taxas de desemprego ou o acceso a vivenda en propiedade.

Debemos ter en conta que disposición de renda non é, en absoluto, equiparable a calidade de vida, de modo que ante incrementos da renda a calidade de vida aumente de igual modo. Máis ben é un factor limitador ou condición necesaria que en función do seu maior ou menor nivel permitirá un maior marxe de manobra na acción futura. A este respecto unha das cuestións fundamentais é determinar a capacidade adquisitiva que corresponde a renda existente no territorio en cuestión.

Non obstante, a disposición da renda xoga un papel central máis aló da mera capacidade adquisitiva, tanto na propia realidade socio-económica como, consecuentemente, no diagnóstico do territorio, xa que a súa medición nos orienta sobre a capacidade de acceso a bens e servizos por parte da poboación ou, por oposición a existencia de colectivos desfavorecidos, o dinamismo económico, a capacidade de aforro ou investimento, etc, que resultarán determinantes á hora de establecer estratexias de actuación. Máis adiante analizaremos a cuestión daqueles bens, servizos ou recursos cuxa provisión non se realiza a través do mercado e, polo tanto, o acceso a eles non depende do nivel de renda.

Para o caso dos territorio do Eume basearemos esta análise nos datos extraídos das declaracións da renda, na información recollida no Anuario Comercial de España, e na avaliación de diversos elementos cualitativos que contribuirán a concretar en maior medida a significación dos datos anteriores.

**Táboa 1. Imposto sobre a renda das persoas físicas. 1997**

	<b>Porcentaxe do Nº de declarantes por tramos de Base Imponible (en Millóns de pta)</b>				Rendemento medio declarado (pta)
	De 0,0 a 0,5	De 0,5 a 1,5	De 1,5 a 3,0	Máis de 3,0	
Cabanas	6,34	35,60	37,73	20,33	2.074.775
A Capela	7,81	46,02	26,83	19,34	1.865.884
Moeche	13,01	61,19	20,75	5,05	1.254.897
Monfero	17,58	51,49	25,94	4,99	1.287.837
Pontedeume	6,61	36,63	35,84	20,82	2.076.857
As Pontes	6,76	29,18	25,36	38,70	2.739.152
San Sadurniño	12,04	47,69	31,36	8,91	1.530.939
Somozas	12,72	57,71	22,66	6,91	1.343.844
Vilarmador	11,12	50,48	30,19	8,21	1.544.385
A Coruña	7,52	39,58	34,80	18,10	2.041.025
Galiza	7,52	41,12	34,61	16,75	1.973.588
España	6,37	36,01	37,38	20,24	2.202.722

Fonte: MECOH. Agencia Estatal de Administración Tributaria. Elaboración IGE

O emprego dos datos extraídos das declaracións da renda debe ser tomado cunha razoable precaución xa que non é esperable que reflecta o total da renda a disposición das persoas físicas. Sen embargo, e na medida en que o sesgo que poida sufrir previsiblemente será similar para todos os concellos do estado, si resulta significativo das posicións relativas dos concellos.

Como se observa a través da lectura da Táboa 1, o emprego deste indicador permítenos tanto identificar o posicionamento relativo do territorio en contextos espaciais de referencia máis amplos, como determinar as diverxencias internas localizando xa aqueles territorios nos que a renda é un factor limitante da calidade de vida (Monfero en primeiro lugar, seguido de Moeche, San Sadurniño, Somozas e Vilarmador); así como aqueles en que a elevada renda (caso de As Pontes e en menor medida Cabanas, A Capela e Pontedeume) expresa a existencia dunha base económica adecuada para a percepción dunha satisfactoria calidade de vida.

Conflúe a circunstancia de que a cidade con maior renda media declarada de Galiza é As Pontes, polo que no tocante a este indicador estaríamos ante un dos termos máximos que en función do entorno podemos agardar. De existir territorios con meirande renda estes poderían reflectir *ideais* aos que compararse os habitantes da comarca analizada.

O límite interpretativo deste dado como ven establecido por dúas consideracións que expoñemos a continuación:

- a) En función da diferente configuración productiva dos concellos as desviacións dos datos respecto da renda real a disposición da poboación poden ser maiores ou menores, se ben consideramos que o sesgo non debería ser tal que alterara de modo substantivo o posicionamento relativo dos concellos, sobre todo si temos en conta que se trata de promedios.
- b) Os datos proporcionados por este indicador requiren dunha precisa contextualización no territorio non só pola maior profundidade explicativa que así se acadase non pola maior comprensión das forzas e retos a que está sometido o territorio. Así, por exemplo, no caso de As Pontes é necesario ter en conta o proceso de declive industrial no que está inmerso e que ameaza, incluso a medio prazo, o elevado nivel de renda que agora disfruta.

Unha visión complementaria sería a que nos proporcionaría a cuota de mercado destes concellos, e dicir, a capacidade de consumo da poboación. Este dado ven condicionado pola renda efectiva a disposición da poboación e polas características da oferta existente no territorio que determinaría que o gasto se realice no propio territorio ou fora, así como, finalmente, pola capacidade do concello de atraer consumidores do exterior. Se ben pensamos que, no caso en cuestión, a práctica totalidade do gasto é realizada por residentes, excepto nos concellos turísticos.

**Táboa 2. Cuota de mercado. 1998**

	<b>Poboación</b>	<b>Cuota de mercado</b>	<b>% pob. S/ o total provincial</b>	<b>% cuota mercado s/ provincia</b>	<b>% pob. S/ o total de Galiza</b>	<b>% cuota mercado s/ Galiza</b>
Cabanas	3.249	7	0,29	0,27	0,119	0,108
A Capela	1.619	4	0,15	0,15	0,059	0,062
Moeche	1.583	4	0,14	0,15	0,058	0,062
Monfero	2.758	5	0,25	0,19	0,101	0,077
Pontedeume	8.893	22	0,80	0,85	0,326	0,338
As Pontes	12.473	31	1,13	1,20	0,458	0,477
San Sadurniño	3.503	8	0,32	0,31	0,129	0,123
Somozas	1.506	3	0,14	0,12	0,055	0,046
Vilarmair	1.412	3	0,13	0,12	0,052	0,046
A Coruña	1.106.325	2.583				
Galiza	2.724.544	6.503				

Fonte: Anuario Comercial de España 2000 e elaboración propia.

Os datos que recolle a táboa anterior son congruentes coa información que nos proporcionan as declaracións da renda e mesmo nos permiten afondar máis na análise.

A análise practicada baséase na comparación da porcentaxe de poboación do concello sobre o total da provincia da Coruña e sobre o total de Galiza coa porcentaxe de cuota de mercado<sup>3</sup> de cada concello sobre o total da provincia e de Galiza, a efectos de discernir en que medida esa cuota de mercado expresa a existencia de maiores ou menores capacidades económicas que noutros entornos territoriais de referencia.

A aplicación deste segundo indicador dependerá para a súa eficacia de dous factores:

- a) A congruencia dos datos a respecto da renda declarada: é esperable que nos concellos de menor renda a porcentaxe de cuota de mercado sobre o total provincial sexa inferior ao peso da poboación sobre o total provincial (é viceversa). En caso de non ser así a incongruencia pon de releve elementos da realidade económica sobre os que é preciso profundar, se ben ao estar calculada a cuota de mercado mediante estimación se reduce en certa medida o alcance deste análise.

<sup>3</sup> A cuota de mercado expresa comparativamente a capacidade de compra ou de consumo que corresponde a cada municipio sobre unha base estatal de 100.000 unidades, polo que para relativizala e establecer comparación manexables debemos referenciala na poboación dos concellos.

- b) Como consecuencia do anterior adquire maior relevancia a necesidade de contextualizar os datos nas especificidades do territorio. Así, por exemplo, no Concello de Cabanas, atopamos un baixo consumo que non se corresponde coa súa elevada renda e que viría explicado pola proximidade do núcleo de Pontedeume, que exerce de centro de servizos e comercial do primeiro destes concellos. Ou o caso de A Capela onde a maior capacidade de consumo estaría asociada á complementación de rendas procedentes do sector agrario, do emprego industrial en As Pontes e das pensións. No resto dos casos a congruencia dos datos ratifica o diagnóstico realizado.

Cabe subliñar entre as limitacións deste indicador o feito de tratarse de estimacións, podendo polo tanto producirse un certo grao de diverxencia a respecto da realidade, circunstancia que debe ser pulida mediante a contextualización e o establecemento dunha visión global do territorio mediante diversos indicadores.

En termos de resultados temos unha comarca con grandes contrastes internos, cun menor nivel de vida asociado ao medio rural, no que existen incluso niveis de pobreza importantes nalgúns concellos e cunha elevada capacidade adquisitiva concentrada nos dous núcleos urbanos relevantes da comarca: Pontedeume e As Pontes, se ben este último con importantes retos que afrontar para manter no futuro esta posición. Por tanto, para acadar o nivel de renda do entorno, xa sexa provincial, rexional ou estatal, no caso da maioría dos concellos e para manter o seu actual status no caso de As Pontes, os retos futuros para este territorio son elevados.

### ***3.2. Marxinación e Exclusión Social.***

As formas de exclusión social ou de marxinação adoptan as máis diversas expresións en función das diferentes características e estrutura de cada territorio, con incidencias desiguais nos procesos de desenvolvemento e de mellora da calidade de vida, problemáticas cuxa amplitude en absoluto queda contrastada coa simple medición da renda, aínda que esta sexa un elemento crucial no proceso de exclusión.

Existen polo menos tres focos de atención á hora de tratar este tema:

- a) Presencia de grupos étnicos ou minoritarios.
- b) Problemas de seguridade cidadá.
- c) Exclusión por motivos socioeconómicos.

Un dos indicadores que adoitan aparecer en todas as medicións de calidade de vida urbanas é o da seguridade cidadá, problemática que ate o de agora era practicamente exclusiva das cidades, así como a presenza significativa de grupos étnicos minoritarios. Sen embargo esta situación está cambiando, en particular en áreas con grandes explotacións intensivas no emprego de man de obra, que están a acoller importantes colectivos de inmigrantes, provocando un cambio social que pode levar aparellado o conflito. O carácter relativamente recente deste fenómeno, así como a presenza de inmigración ilegal e a concentración de determinados territorios, determina a ausencia de bases de datos fiables e homoxéneas que faciliten a medición.

No tocante a exclusión por motivos socioeconómicos, esta pode orixinarse por diferentes causas que determinarán problemáticas diversas, pois non se trata simplemente da existencia de colectivos con rendas baixas, senón tamén da exclusión de colectivos da actividade económica remunerada (caso das mulleres no medio rural), da forma en que socialmente é tratada a pobreza e da concentración que esta problemática poida acadar.

En Galiza, no medio rural e en cidades intermedias, salvo excepcións, aínda non existen problemáticas graves asociadas á integración de grupos étnicos ou a patoloxías delictivas. Si existen, en cambio, diferencias sociais vinculadas ás diferentes posibilidades de acceso ao emprego ou á riqueza. Ocorre que a particular cultura do territorio determina expresións específicas das súas formas de exclusión, que non pasan pola creación de bolsas de pobreza ou guetos de algún tipo, senón que esta aparece dispersa e/ou oculta.

No caso da pobreza, a falta de desagregación dos datos de renda por parroquias no caso do medio rural ou por barrios no caso das vilas impide a precisión nas análises e a focalización dos problemas, dificultando, consecuentemente a eficacia de futuras

medidas correctoras. Así mesmo, no caso galego o número de vivendas en propiedade non é un elemento discriminador da riqueza dos propietarios, dado que a fórmula predominante de acceso á vivenda, no medio rural practicamente á única, é a propiedade.

Na medida en que a pobreza se expresa fundamentalmente de portas adentro serán as dotacións e os equipamentos das vivendas o que nos permita identificar a calidade de vida que disfrutaban os propietarios. Non obstante, debemos ter en conta que a perda de calidade de vida asociada á pobreza non se produce só pola carencia de medios ou recursos propios por parte das familias ou individuos senón tamén pola dificultade de acceso a outros recursos, xa sexan informativos, culturais, lúdicos, formativos, etc.

Existe outra forma de exclusión que é aquela que limita a integración na actividade económica de determinados colectivos. Esta situación afecta particularmente as mulleres e aínda que pode non revestir a situación de pobreza si afecta á realización persoal destas mulleres e, polo tanto, a calidade de vida que disfrutaban. Nos concellos máis urbanos, como Cabanas, Pontedeume ou As Pontes a escasa participación das mulleres no mercado de traballo reflíctese nas baixas Taxas de Ocupación (Táboa 5). No medio rural, en cambio, as Taxas de Ocupación son máis elevadas, sen embargo isto non significa necesariamente que non existan formas de exclusión, senón que esta maniféstase en forma de subemprego nas explotacións agrarias.

Tamén os mozos poden carecer de expectativas laborais pero isto depende do dinamismo do territorio e non de prácticas culturais de exclusión. Sen embargo, os dous casos teñen en común que canto maior sexa a poboación ou o número de colectivos excluídos do proceso económico menor será a solidez e a sostenibilidade do desenvolvemento acadado, polo que dificilmente se mellorará a calidade de vida.

En canto á medición efectiva da pobreza os datos da renda declarada permitiánnos confirmar que esta está presente no momento actual en absolutamente todos os territorios, se ben non de forma simétrica. A sociedade occidental non é, en absoluto, allea ao fenómeno da pobreza, fenómeno que ademais podería acadar unha relevancia crecente. Estes datos poden ser contrastados con carácter xeral polos de dotacións das vivendas dos concellos



**Táboa 3. Porcentaxe de vivendas que carecen de dotacións básicas.**

	<b>Auga Quente</b>	<b>Instalacións de baño ou ducha</b>	<b>Teléfono</b>
Cabanas	10,5	7,2	31,2
A Capela	11,5	10,2	34,4
Moeche	38,7	26,3	72,7
Monfero	45,4	23,4	97,6
Pontedeume	9,1	2,9	29,9
As Pontes	9,7	7,9	40,3
San Sadurniño	17,3	14,1	68,9
Somozas	44,8	36,3	78,3
Vilarmair	13,1	6,9	85,6
<b>Total Comarca</b>	<b>16,5</b>	<b>11,0</b>	<b>49,9</b>

FONTE: IGE, 2001

Efectivamente, a menor renda vai paralela a peores condicións dos fogares, a taxa de carencia de auga quente en Monfero, Moeche e Somozas, é realmente alarmante, levando ademais aparelladas altas taxas de carencias en canto a instalacións de ducha ou baño, así como de liñas telefónicas. Polo que xa temos a desigualdade económica localizada en concellos determinados, que precisarán de medidas de acompañamento específicas para corrixir esta situación e acadar un maior desenvolvemento económico e social.

Como xa indicamos, a pobreza no caso galego non reviste forma de gueto pero si adquire unha maior ou menor concreción espacial, á que os datos por parroquias permítennos aproximarnos. Para a confección Táboa 4 tomamos como referencia existencia dunha taxa de carencia de auga quente nos fogares superior ao 30%, xa que se comproba que as carencias nesta materia son proporcionais as carencias de instalacións de baño ou ducha. Con isto pretendíase localizar posibles concentracións de pobreza e non tanto resolver o problema da definición que pobreza ou establecer un umbral mínimo para a cualificación da situación de pobreza.

**Táboa 4. Porcentaxe de carencias dotacionais por parroquias. Ano 91**

		<b>Auga</b>	<b>Baño</b>	<b>Teléfono</b>
SALTO (SANTA CRUZ)	Cabanas	31,7%	24,4%	73,2%
ABAD (SANTIAGO)	Moeche	38,8%	27,6%	67,2%
LABACENGOS (SANTA MARIA)	Moeche	40,3%	30,3%	83,2%
MOECHE (SAN JORGE)	Moeche	42,1%	26,4%	89,3%
MOECHE (SANTA CRUZ)	Moeche	56,1%	43,9%	96,3%
GESTOSO (SAN PEDRO DEL VALLE)	Monfero	61,4%	24,8%	98,6%
GESTOSO (SANTA MARIA)	Monfero	72,7%	43,6%	100,0%

MONFERO (SAN FELIX)	Monfero	38,3%	22,8%	95,5%
MONFERO (SANTA JULIANA)	Monfero	66,7%	21,2%	97,0%
QUEIJEIRO (SAN JORGE)	Monfero	33,0%	16,5%	98,9%
APARRAL (SAN JUAN)	As Pontes	50,0%	39,3%	78,6%
DEVESO (SANTA MARIA)	As Pontes	82,6%	78,3%	95,7%
FREIXO (SAN JUAN)	As Pontes	78,2%	76,9%	100,0%
PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ (AS) (SAN MAMEDE)	As Pontes	46,4%	39,3%	96,4%
FAEIRA (SAN PEDRO)	As Pontes	41,9%	22,6%	93,5%
FERREIRA (SAN Pelayo)	San Sadurniño	36,1%	25,9%	72,8%
IGLESIAFEITA (SANTA MARIA)	San Sadurniño	43,0%	25,0%	93,0%
ENCHOUSAS (SAN PEDRO)	Somozas	67,2%	60,3%	93,1%
RECEMEL (SANTA MARIA)	Somozas	35,2%	25,7%	96,1%
SEIJAS (SANTA MARIA)	Somozas	30,2%	50,9%	98,1%
SOMOZAS (SANTIAGO)	Somozas	49,6%	35,2%	79,5%

FONTE: IGE, 2001.

O principal problema para o emprego deste tipo de dados, que sen dúbida revisten un elevado interese para o establecemento de medidas de corrección eficaces, é a irregularidade na publicación de estatísticas, de feito na actualidade xa non se publican dados desagregados para ámbitos inferiores as comarcas, como serían os concellos ou as parroquias, aínda que o IGE si recolle a información necesaria mediante enquisas.

Ademais da desigualdade económica, que como vimos está localizada territorialmente, existen problemas sociais vinculados a integración laboral de mulleres, que adoptan a expresión de desemprego no medio urbano e de subemprego no rural. Tal situación precisa ser corrixida mediante a aplicación de solucións integrais.

**Táboa 5. Participación da muller no mercado laboral. 1996**

	Taxa Actividade		Taxa Ocupación		Taxa Paro	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Cabanas	25,4	53,6	18,3	45,4	28,1	15,3
A Capela	35,4	57,3	30,5	50,9	13,8	11,2
Moeche	27,2	47,0	23,0	36,2	15,4	22,9
Monfero	29,4	50,9	24,2	40,2	17,9	21,0
Pontedeume	27,6	60,6	18,3	49,4	33,9	18,4
As Pontes	25,0	60,4	19,1	53,4	23,7	11,5
San Sadurniño	33,4	50,4	24,1	42,0	27,8	16,7
Somozas	s.d.	s.d.	s.d.	s.d.	s.d.	s.d.
Vilarmaior	25,4	52,6	22,7	47,7	10,6	9,2
Prov. A Coruña	32,4	61,6	24,0	50,4	26,1	18,1
Galiza	31,6	60,5	23,3	49,4	26,3	18,4

Fonte: IGE. Padrón Municipal de Habitantes e Estatística de Poboación. 1996.

Esta mesma situación é padecida polos mozos que atopan escasas oportunidades de acceso ao mercado laboral. Sendo a escaseza de emprego e igualdade de oportunidades na comarca un factor de deslocalización de recursos humanos que afecta negativamente ao potencial de consecución dun maior desenvolvemento no futuro.

### ***3.3. Identidade comarcal e vertebración social.***

Unha cuestión anterior á medición é por que medir, en concreto por que a tenencia ou non dunha identidade colectiva é un elemento importante na composición da calidade de vida.

A cuestión é sinxela, aínda que en absoluto simple, e o seu quid radica na definición de sociedade que plantexamos no Apartado 2, polo tanto, no feito de que o ser humano se realiza en sociedade, a través do colectivo. Esa pertencia ao colectivo esixe de elementos de definición do colectivo, por tanto, de elementos identificativos comúns aos membros do grupo ou comunidade, elementos de recoñecemento mutuo sen os cales a propia noción de sociedade degrádase e nun caso extremo mesmo desaparecería.

Esa identidade sería a expresión da cultura local entendida en senso integral, polo tanto, sería expresión do modo en que a sociedade de ese territorio se enfronta aos retos e condicións do entorno.

Xunto con eses rasgos idiosincráticos poden compartirse nocións vinculantes, como a percepción dos problemas, dos retos e dun futuro en común, que son mimbres básicos para a construción dun territorio.

Un dos elementos relevantes na construción da identidade, e que en función desa relevancia e da súa interrelación con outros factores da calidade de vida recibirá un tratamento pomenorizado, é a vertebración social, entendida como o modo en que a poboación se artella para participar socialmente.

A vertebración social constrúese sobre as diversas formas de participación que unha comunidade ten desenvoltas e é aquí onde o concepto entronca co de identidade, pois o sentido de pertenza a un territorio determinado baséase na achega que cada membro fai a esa comunidade, en ser útil á sociedade participando ou influíndo nos procesos colectivos e en particular na toma decisións. Esta labor pode levarse a cabo dende os máis diversos ámbitos, empresarial, veciñal, deportivo, cultural, etc. A cuestión clave é que o cidadán participe e se corresponsabilice, non sexa un mero receptor pasivo ou mobilizable só circunstancialmente. En verbas de D. Mathews (en B. Hummel, 1999): *a participación dos cidadáns na vida da comunidade non é só un medio para conseguir o apoio de causas ou proxectos; é un fin en si mesma. As comunidades son máis fortes cando teñen unha cidadanía forte e comprometida.*

Na sociedade galega, así como na española en xeral, a dinámica de participación da sociedade nos procesos políticos é feble, o que determina un sentimento de imposibilidade ou de dificultade para influír nos procesos de toma decisións, mesmo perante instancias próximas como son os concellos, sobre todo en áreas rurais ou pequenas cidades. Isto reduce a imbricación e a implicación da poboación no territorio, induce unha maior desvinculación do proxecto colectivo de territorio e, polo tanto, impide unha participación efectiva nese proxecto. Unha mostra da débil dinámica participativa en Galiza nola proporciona o Mapa Cultural de Galicia (Requejo e Caride, 1991), que se ben se refire só a asociacións de carácter cultural (tomadas nun senso bastante amplo), indica que o asociacionismo cultural galego sitúase en cotas “baixas” ou “moi baixas”. Situación que consideramos ilustrativa do contexto asociativo xeral.

A relevancia desa participación tamén ven dada pola influencia doutros factores críticos para a consecución dunha maior calidade de vida. En primeiro lugar, a existencia dunha cidadanía activa estimula a mellora do sector público, pois esa cidadanía será máis esixente e esa esixencia estará baseada en procesos de reflexión colectiva que expresarán unha determinada visión do interese xeral, visión que ao ser introducida en procesos de negociación para a toma de decisións conlevará unha maior corresponsabilización da sociedade nos resultados do proceso. Isto, a súa vez, trae como consecuencia unha mellora da confianza nas institucións públicas, inducendo círculos virtuosos que favorecen os procesos de desenvolvemento en termos de sostenibilidade económica e social.

En definitiva, a calidade de vida está intimamente relacionada coa calidade das relacións humanas que se producen no seo da comunidade. Os cimentos desa sociedade serán máis sólidos e fortes canto máis exercite a súa cidadanía a poboación, desenvolvendo así o que Putna (en B. Hummel, 1999) chama capital social: corrente de participación civil de que se nutre unha cidade (por extensión calquera territorio) para asegurar a súa vitalidade.

Unha vez establecido o marco teórico podemos propoñer unha serie de elementos que consideramos determinantes na práctica da configuración da identidade colectiva:

- a) **A existencia de núcleos centrais:** núcleos formados por vilas que exercen de centro de servizos para os concellos limítrofes, xa sexan de tipo comercial, lúdico, financeiro, laboral, educativo, sanitario, etc. Esta confluencia a un lugar común crea vínculos entre a poboación da comarca, xerarquiza as relacións entre os concellos e, en definitiva, crea espazos comúns, puntos de encontro, que afortalan a noción de identidade.
- b) **A existencia de barreiras físicas:** a existencia de barreiras físicas como ríos ou franxas montañosas pode dificultar tanto historicamente como na actualidade, en función do estado das comunicacións intracomarcais, o establecemento de relacións e vínculos entre os habitantes do territorio que forxen un certo acervo común.
- c) **Memoria histórica:** a percepción de ter compartido un pasado común é un forte vínculo que facilita ou lexítima a posibilidade de construír un futuro colectivamente. Esta memoria non depende da efectiva existencia dese pasado común senón do modo en que este pervive na conciencia colectiva.
- d) **Percepción da poboación:** se ben na formación da percepción da poboación inflúen os factores anteriores e nalgúns casos puidera ser que outros aquí non considerados, a percepción final pode desviarse do que a consideración dese elementos indicaría, polo que é pertinente confirmar especificamente cal é esa percepción.

Os primeiros dous factores teñen un carácter obxectivo, o caso dos núcleos centrais fundamentalmente mediante os datos que proporciona o *Anuario Comercial de España*

que publica La Caixa, así como mediante os datos do Imposto de Actividades Económicas, sempre e cando exista acceso a eles. No caso das barreiras físicas e o estado das comunicacións de modo referencial.

Os dous seguintes factores son, en cambio, máis subxectivos, no caso de memoria histórica pesan os elementos cognitivos e no referente á percepción inflúen distintos aspectos como a comparación con outros entornos, en particular entornos urbanos próximos, as expectativas da poboación, etc, polo que estes factores teñen que ser avaliados cualitativamente, ben mediante a interpretación de enquisas, ben mediante a realización de entrevistas e reunións de grupo con axentes do territorio. Fórmula, esta última, máis accesible para os dinamizadores deste tipo de territorios e que permite o afloramento de gran número de matices de elevado interese para a análise. Este último foi o método empregado na Comarca do Eume.

No caso desta comarca, a existencia de 4 centros funcionais, e incluso o carácter esóxeno de algún deles, dificulta a definición dunha identidade colectiva, xa que carecen dese necesario punto de encontro que sería propio dunha comarca organizada entorno a un só núcleo. A existencia de barreiras físicas, como pode ser o propio río Eume, na medida en que non son subsanadas mediante infraestructuras viais contribúen a esa ausencia de vínculos entre a poboación pertencente ás distintas áreas da comarca.

A falta de memoria histórica sobre o pasado en común redonda neste feito, que a súa vez se ve reforzado polo descoñecemento da historia de cada un dos concellos por parte dos seus habitantes.

A percepción da poboación refrenda o establecido nas anteriores liñas: non existe unha noción clara de adscripción comarcal e, ademáis, entre a poboación de algúns concellos existe unha visión negativa da imaxe do territorio.

En canto á presenza de asociacións ou entidades de representación colectiva estas son numerosas na comarca, sen chegar a formar un tecido denso pero si suficiente para sustentar o proceso de vertebración e participación social.

Como xa se indicou no caso galego existe en xeral unha escasa dinámica de participación da poboación, a través de organizacións de diversa índole nos procesos de toma de decisións, dinámica que é tamén propia da Comarca do Eume. De existir este tipo de prácticas sería necesario analizar os seus mecanismos: que tipo de organizacións participan, que tipo de decisións se toman, como se toman, etc. Na medida en que non se teñan acadado este tipo de dinámicas centrarémonos en saber os límites do tecido asociativo do territorio.

A estos efectos existen unha serie de datos que é relevante ter en conta:

- a) Número de asociacións e evolución temporal do tecido asociativo.
- b) Número de asociados, en particular a respecto da poboación total e, se existe o dado, respecto a outros territorios de referencia.
- c) Distribución sectorial: cobertura asociativa dos diversos colectivos ou grupos de interese comúns que forman a comunidade: colectivos de mulleres, sindicatos, asociacións de colectivos con dificultades ou problemas específicos, asociacións deportivas, etc.
- d) Distribución territorial: cobertura asociativa por concellos.
- e) Incidencia das asociacións: número de actividades, participación da sociedade ou dos colectivos interesados e recoñecemento social das asociacións.
- f) Tipo de relacións entre organizacións: grado de relación e carácter desta: de colaboración, competitivo, etc.

**Táboa 6. Tecido asociativo da comarca. 2000**

	Cabanas	Capela	Moeche	Monfero	Pontedeume	Pontes	San Sadurniño	Somozas	Vilarmaior
Culturais	1	1	0	1	15	13	1	0	
Deporte/ocio	5	3	3	1	8	4	4	1	
Veciñais	3	2	1	1	10	11	6	1	
APAs	1	1	1	0	6	7	2	1	
Ecoloxía	0	0	0	0	1	2	0	0	
Sociais	0	1	0	0	2	5	0	0	
Empresariais	0	1	0	0	1	0	0	0	
Xuvenís	0	0	0	0	0	2	0	0	
Mulleres	0	1	1	4	1	1	1	0	
Outras	0	0	0	0	2	3	1	0	
<b>Total</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>46</b>	<b>48</b>	<b>15</b>	<b>3</b>	<b>s.d.</b>

FONTE: Elaboración propia sobre datos proporcionados polos concellos.

Metodoloxicamente resulta imprescindible acompañar os datos recabados con análises cualitativas, de novo mediante entrevistas ou reunións de grupo, pois noutro caso quedarán ocultas a dinámica e aspiracións dos colectivos, a incidencia das relacións, así como determinadas carencias na vertebración social.

Na comarca contabilízanse, en total, 146 asociacións. O valor deste dado para a análise ben limitado por unha serie de aspectos tales como a posibilidade de existencia de asociacións constituídas de modo informal e que, polo tanto, carezan de rexistro oficial; a limitada información sobre o número de socios destas asociacións ou sobre actividade real que desenvolven, de modo que resulta difícil unha avaliación que non incorpore elementos que vaian máis aló do meramente cuantitativo. Un aspecto que si podemos afirmar en base á comparación co número de asociacións rexistradas en 1989 é a existencia dun proceso de crecente vertebración social e un certo dinamismo asociativo. No mesmo senso, o alto grao de asociación a Eureoeume<sup>4</sup> (51 asociacións) amosa unha importante disposición para a participación por parte das asociacións.

**Táboa 7. Variación das Asociacións Culturais<sup>5</sup> entre 1989 e 2000.**

	Cabanas	Capela	Moeche	Monfero	Pontedeume	Pontes	San Sadurniño	Somozas	Vilarmaior
1989	2	2	2	0	8	2	0	0	0
2000	9	8	4	10	38	41	13	2	s.d.

FONTE: Elaboración propia sobre datos proporcionados polos concellos.

\*Requejo e Caride, 1991.

Observouse na comarca a presenza dunha elevada cobertura asociativa sectorial, aínda que tamén a existencia de notables desequilibrio territoriais, derivados do feble tecido en concellos como Somozas ou Moeche. O carácter limitativo destas asimetrías agrávase como consecuencia da ausencia de relacións de cooperación e diálogo entre as organizacións e entre estas e as administracións. Situación, por outra banda, bastante abundante na dinámica asociativa galega (Requeijo e Caride, 1991). Esta situación leva a unha duplicación de esforzos nalguns ámbitos (como por exemplo a realización de

<sup>4</sup> Grupo de Acción Local desta comarca.

<sup>5</sup> Os datos expostos na Táboa 7 están elaborados sobre a base de fontes e metodoloxías diferentes polo que non se pode garantir a súa homoxeneidade. A efectos de posibilitar a comparación adoptamos o concepto de asociacións culturais empregado no Mapa Cultura de Galicia (Requeijo et al, 1991) para o que foi necesario eliminar da Táboa 3 os datos correspondentes a asociacións empresariais e APAs. Non obstante, consideramos que estes datos poden ser tomados con carácter indicativo, en particular dada a notable diferenza en canto a densidade do tecido asociativo que expresan. Constitúen por tanto unha expresión do dinamismo asociativo da comarca digna de ser tomada en consideración.



cursos similares cunha baixa demanda en dous concellos limítrofes) e á carencia de iniciativas noutros, así como, finalmente, a un déficit de resultados eficaces. Ademáis, determinados colectivos, como son o da muller ou o da terceira idade, cunha elevada presenza poboacional tanto no medio rural como no urbán (as xubilacións e prexubilacións de ENDESA dan lugar a un colectivo crecente con necesidades específicas) están subrepresentados.

En definitiva, á falla de vertebración comarcal súmanse as carencias na vertebración social, se ben constatamos, por unha banda, unha base suficiente para corrixir estes déficits mediante unha acción estratéxica convenientemente planificada e, por outra, a presenza dunha dinámica de crecente participación .

### **3.4. Oportunidades culturais e de ocio.**

A relevancia que o ocio ten acadado na sociedade actual leva a que en non poucas ocasións se defina a esta como a *sociedade do ocio*, queréndose reflectir mediante tal expresión a necesidade de grandes capas da poboación de dispoñer de alternativas culturais, lúdicas, deportivas, etc en que aproveitar o tempo de lecer.

A forza desta demanda é tal que a existencia ou non deste tipo de alternativas nun territorio constitúe un dos elementos determinantes da calidade de vida. Por outra banda, e na medida en que a sociedade cambia continuamente, as demandas de ocio tamén o fan e polo tanto resulta necesario avaliar a capacidade do territorio para integrar as necesidades dos distintos grupos de idade, ou o que é o mesmo adaptarse aos cambios sen deixar de satisfacer aos grupos sociais que se ven desprazados por estas novas tendencias.

En xeral, para este tipo de recursos unha forma de medición estandarizable e que permite comparacións con outros territorios é a relativización dos recursos existentes en función do número de habitantes ou potenciais usuarios.

#### 3.4.1. Ocio

Na sociedade actual está a incrementarse o valor atribuído ao tempo de ocio, polo que a posibilidade do seu disfrute convértese nun elemento clave da calidade de vida. A satisfacción deste tipo de necesidades adoita concretarse mediante múltiples formas: cines, teatros, centros comerciais, exposicións, cafés, etc. No caso das pequenas cidades ou do medio rural as alternativas redúcense drasticamente.

Nas vilas o número de locais de hostalería, ao que podemos acceder mediante os datos do Imposto de Actividades Económicas (IAE) ou do Anuario Comercial de España, pode contribuír a establecer unha imaxe da oferta, se ben pode ser interesante concretar que tipo de formas de ocio se realizan fora da vila e cales non, aínda que isto necesita xa unha análise sobre o terreo.

Un bo indicador pode ser a oferta de cines, dado que é unha forma de ocio apreciada actualmente e accesible a amplos segmentos da poboación, polo que pode ser bastante representativo da relación oferta-demanda de ocio. As Pontes dispón do único cine da comarca, cuido reducido horario, só abre os fins de semana, indica tanto unha limitación da calidade de vida como unha falta de confianza na evolución socioeconómica do territorio.

Temos que ter en conta tamén que a oferta das vilas non afecta só a súa poboación se non tamén á de concellos limítrofes, polo que repercute na calidade de vida de toda a comarca.

No rural a oferta redúcese as cantinas, que xogan un papel estratéxico non só como lugar de ocio, senón como punto de encontro e ate como eixo da vida social.

#### 3.4.2. Oferta cultural

A respecto da avaliación da oferta cultural temos dúas cuestións fundamentais a ter en conta:

- a) As dotacións existentes.
- b) O emprego efectivo que se fai desas dotacións.

O dotación infraestructural permitenos establecer o grao de consecución da condición necesaria. A este respecto, se no caso das cidades pode resultar efectiva a medición do número de recursos por habitante, en pequenas vilas e no medio rural resulta máis racional o establecemento de umbrais mínimos, por debaixo dos cales podemos considerar que non se dan as condicións para a dinamización cultural do territorio:

- a) Edificio para actividades culturais: casa da cultura ou similar.
- b) Biblioteca.

A disposición de locais nos que expresar a vida cultural e asociativa é crucial, pero a mellora da calidade de vida depende das diversas manifestacións ou actividades que realmente se desenvolvan. Non obstante, a medición do número de actividades ou a asistencia a estas, que nos aproximarán máis ao grao de satisfacción da poboación, ten que ser avaliada ad hoc, posto que esa información ten que ser recopilada para cada caso e non existe información dispoñible para establecer comparacións.

**Táboa 8. Dotacións culturais. 2001**

	<b>Casa Cultura</b>	<b>Casa Xuventude</b>	<b>Biblioteca</b>	<b>Conservatorio</b>	<b>Sá de Exposicións</b>
Cabanas	Si	Non	Non	Non	
A Capela		Non	Si	Non	
Moeche	Si	Non	Si	Non	
Monfero	Non	Non	Si	Non	Non
Pontedeume	Si	Si	Si	Non	
As Pontes	Si	Non	Si(4)	Si	Si
San Sadurniño	Si	Non	Si	Non	
Somozas	Non	Non	Si	Non	
Vilarmarior	Non	Non	Non	Non	

FONTE: Elaboración propia en base a información proporcionada polos concellos.

No tocante ás bibliotecas o seu número debe ser acompañado dos horarios de apertura, a efectos de avaliar a accesibilidade para os colectivos potencialmente interesados no seu emprego, así como do número de usuarios a respecto da poboación total. Neste caso, se ben pode ser difícil a consecución de datos cós que establecer comparacións, resulta igualmente interesante contrastar o emprego deste servizo, dada a súa repercusión non só sobre a calidade de vida senón tamén sobre as oportunidades educativas.

### 3.4.3. Oferta deportiva.

A distribución de instalacións deportivas por concellos está relacionada co peso relativo da poboación de cada un deles, polo que non son presumibles a priori grandes diferencias entre concellos de similar dimensión. Neste caso a avaliación podería basearse nos seguintes criterios complementarios:

- a) N° de dotacións e diversidade da oferta.
- b) Accesibilidade: para o cal deberíamos ter en conta:
  - Titularidade: pública ou privada.
  - Posibilidade de exclusión por motivos de renda.
  - Posibilidade de exclusión por distancia.
  - Outros.
- c) Emprego efectivo

Determinadas dotacións, como poden ser piscinas climatizadas, campos de golf, pistas de tenis, etc, só son esperables en vilas polo que neste tipo de caso é necesario avaliar a existencia de límites de carácter administrativo ou de outro tipo que impidan o acceso á poboación de concellos limítrofes.

**Táboa 9. Censo de instalacións deportivas. 1997.**

	<b>Piscina cuberta</b>	<b>Piscina descub.</b>	<b>Pavillón cuberto</b>	<b>Pavillón descub.</b>	<b>Pistas atletismo</b>	<b>Campos de fútbol</b>	<b>Outros</b>
Cabanas	0	0	2	1-4	0	1-2	
A Capela	0	1	2	1-4	0	1-2	
Moeche	0	0	1	5-9	0	1-2	
Monfero	0	1	1	1-4	0	1-2	
Pontedeume	0	0	1	10-15	0	7-10	
As Pontes	1	2	4	15	1	1-2	7
S. Sadurniño	0	1	1	1-4	0	1-2	
Somozas	0	1	1	1-4	0	1-2	
Vilarmaior	0	0	1	1-4	0	1-2	
Galiza	44				84		

FONTE: Secretaría Xeral para o Deporte, 1999 e elaboración propia.

Mediante o calculo do emprego efectivo pasariamos das oportunidades que ofrece o territorio a como a sociedade as aproveita para o seu disfrute. Cuestión para a que un bo indicador sería o número de licencias federativas ou o número de clubs deportivos

existentes a respecto do total da poboación. O interese deste indicador viría limitado fundamentalmente pola dificultade de realizar comparacións con outros territorios.

**Táboa 10. Emprego efectivo das instalacións deportivas. 2001**

<b>Concello</b>	<b>Clubes deportivos</b>	<b>Poboación. (Padrón-1996)</b>	<b>Clubes x 1.000 hab.</b>
Cabanas	7	3.226	2,16
A Capela	2	1.642	1,21
Moeche	6	1.601	3,74
Monfero	3	2.847	1,05
Pontedeume	36	8.881	4,05
As Pontes	48	12.664	3,79
San Sadurniño	8	3.504	2,28
Somozas	5	1.543	3,24
Vilarmador	4	1.435	2,78

Fonte: Elaboración Propia en base a datos da Secretaría Xeral para o Deporte e IGE.

Nos concellos da comarca existen as dotacións deportivas esperables segundo a dimensión de cada un dos concellos, dándose ademais unha importante diversidade na oferta. Dado que o 82 % das instalacións deportivas galegas son de titularidade pública (Secretaría Xeral para o Deporte, 1999) e dado que os pavillóns deportivos tenden, nos últimos anos a situarse cerca dos colexios, existe unha boa accesibilidade da poboación a algunha infraestrutura deportiva, se ben se dará certa exclusión por razón de renda a práctica de determinados deportes como hípica, parapente, etc.

Cabe destacar que o excelente nivel dotacional de As Pontes non se corresponde cunha taxa de práctica deportiva extraordinariamente alta, aínda que si alta. Pola contra, existen concellos como Monfero e a Capela cunha baixa práctica deportiva, que podemos considerar un factor de perda de calidade de vida.

### **3.5. Servizos sanitarios.**

Determinadas infraestruturas sanitarias, como poden ser os hospitais e a maioría dos servizos sanitarios especializados, por razón do seu custo só son localizados alí onde a masa crítica de demanda é maior: nas cidades.

Os habitantes de zonas rurais e pequenas vilas están, xeralmente, dispostos a recorrer determinadas distancias para acceder a estes servizos (Observatorio Europeo Leader +,

1997), polo que salvo nos casos en que a distancia sexa excesivamente longa, ou en condicións de illamento, esta circunstancia non mingua de modo irreparable a calidade de vida, se ben induce unha comparación desvantaxosa a respecto das cidades.

Neste caso, dada a imposibilidade de dispoñer destes servizos, a medición cinguese á comprobación da cobertura sanitaria básica (menciña xeral e enfermería, pediatría, etc). Condición, en xeral, satisfeita dado que estes servizos son provistos pola sanidade pública en función do número de habitantes.

### **3.6. Oferta educativa.**

Nas áreas rurais e pequenas cidades a poboación ten asumida a imposibilidade ou dificultade de gozar de universidades e de determinados servizos educativos especializados (escolas de idiomas, por exemplo) que, en cambio, si son propios das cidades. Por eso mesmo os restantes niveis do ensino adquiren unha importancia meirande na determinación da calidade de vida.

A este respecto son cinco os aspectos a ter en conta.

- a) Recursos totais e/ou recursos por habitante.
- b) Amplitude de oferta: extensión da oferta nos diversos niveis do ensino non superior e doutras modalidades ou especialidades do ensino.
- c) Diversidade da oferta: existencia de centros públicos e privados.
- d) Accesibilidade.
- e) Formación da poboación.

**Táboa 11. Mapa escolar da comarca do eume. Centros. 98-99.**

	E. Infantil (exclus)	E. Infantil e E. Primaria	E. Infantil, E. Primaria e ESO	ESO e (Bachs. e/ou FP)	E. Infantil-Primaria,-ESO e (Bachs. e/ou FP)	E. Especial a distancia	BUP e COU (INGABAD)
Cabanas	-	3	-	-	-	-	-
Capela, A	-	-	1	-	-	-	-
Moeche	-	1	-	-	-	-	-
Monfero	-	1	1	-	-	-	-
Pontedeume	1	6	1	2	1	-	-
As Pontes	-	1	4	2	1	1	-
San Sadurniño	-	2	1	-	-	-	-
Somozas	-	-	1	-	-	-	-
Vilarmaior	-	2	-	-	-	-	-
Totais provinciais (*)	160	338	100	83	34	15	2

FONTE: Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Elaboración IGE.

O sistema educativo público garante unha cobertura educativa básica, sobre todo nos niveis inferiores do ensino (educación infantil e primaria) que, na medida en que se establece en función do número de habitantes e que abrangue a practicamente todos os concellos, permite presumir, salvo circunstancias particulares, unha certa igualdade nas dotacións.

O ensino secundario e o bacharelato tenden a concentrarse nas vilas e aínda que se establece en relación ao número de habitantes, en termos de amplitude poden darse xa notables diferencias, que abranguen dende o número de especialidades ofertadas dentro do bacharelato ate a oferta doutras modalidades formativas, como escolas de idiomas, conservatorios, escolas para adultos e ensino a distancia, escolas taller, formación ocupacional, educación especial, etc. Ámbito no que, ademais, a comparación coas cidades amosa un resultado desfavorable para este outro tipo de áreas. Debemos ter en conta finalmente que a formación dos recursos humanos é un factor crítico para o éxito e o desenvolvemento integral dos territorios.

Neste caso, a concentración deste tipo de servizos nas vilas pode conlevar xa problemas de accesibilidade<sup>6</sup>, que no tocante ao ensino primario e infantil, de existir, revestirán un carácter máis puntual, e cuxo estudio deberá particularizarse.

<sup>6</sup> Se ben en principio estamos abordando o problema da accesibilidade dende o punto de vista infraestructural, tamén debemos ter en conta que esta está relacionada con factores de renda, educativos, culturais, etc, que poden motivar diversas formas de exclusión.

A existencia de oferta pública e privada é unha cuestión que afecta a calidade de vida do territorio tanto en termos de imaxe, sobre todo percibida interiormente, como en termos de satisfacción das demandas dos distintos segmentos da poboación. A ausencia desta oferta e unha escasa amplitude son factores de desvinculación do territorio da poboación máis nova primeiro e de perda de poboación paralela ou posteriormente, estimulada pola mellor oferta de territorios con superior calidade de vida.

**Táboa 12. Mapa escolar da comarca do eume. Profesorado. 1998-1999.**

	E. Infantil (exclusiv)	E. Primaria (exclusiv)	ESO (exclusiv)	Bacharel atos (exclusiv)	FP (exclusiv)	Educaci ón Especial	E. Primaria e ESO (simult.)	ESO e Ensino post- obligatorio (simult.)	Outros (simult.)	Resto
Cabanas	1	9	-	-	-	-	-	-	2	-
A Capela	2	6	3	-	-	-	3	-	-	-
Moeche	2	9	-	-	-	-	-	-	1	-
Monfero	3	15	12	-	-	-	3	-	1	-
Pontedeume	13	39	23	28	-	-	7	61	5	1
As Pontes	14	35	32	6	30	1	19	60	9	2
S. Sadurnño	2	16	17	-	-	-	1	-	2	-
Somozas	1	2	-	-	-	-	9	-	-	-
Vilarmaior	-	-	-	-	-	-	-	-	2	-
Totais provinciais (*)	1.252	3.816	2.038	1.217	1.522	154	624	2.396	780	171

FONTE: XG. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Elaboración IGE.

(\*) Inclúe o total dos municipios dos que se teñen datos.

Nestes tres casos o emprazamento en As Pontes limita o acceso á poboación da meirande parte dos concellos da comarca, polo que unha vez máis é necesario incidir na necesidade de mellora das comunicacións comarcais.

A formación da poboación, en particular a formación da poboación ocupada aproxímanos á idea do resultado da interacción das distintas variables que afectan á oferta educativa: accesibilidade, amplitude da oferta, etc, pero ademais servíranos como indicador do potencial ou das carencias que os recursos humanos do territorio posúen, de cara a súa achega aos procesos de desenvolvemento así como de cara, máis particularmente, á introducción de novos coñecementos no territorio que contribúan á dinamización económica. A inexistencia de datos por concellos sobre a formación da poboación ocupada, que nos indicaría o potencial de incorporación de coñecemento aos procesos productivos, reduce as posibilidades de análise á formación da poboación.



**Táboa 13. Formación da poboación. Padrón, 1996.**

<b>Concello</b>	<b>Analfabetos</b>	<b>Sen estudos</b>	<b>Graduado escolar</b>	<b>Bacharelato, FP II e estudos superiores</b>
Cabanas	1,83%	56,67%	22,87%	20,46%
A Capela	2,91%	63,56%	20,37%	16,07%
Moeche	0,27%	78,79%	14,41%	6,80%
Monfero	2,80%	73,36%	20,03%	6,61%
Pontedeume	1,23%	49,36%	24,20%	26,43%
As Pontes	1,56%	57,12%	21,97%	20,91%
San Sadurniño	5,31%	71,92%	16,03%	12,05%
Somozas	9,07%	80,48%	14,57%	4,95%
Vilarmaior	0,15%	67,80%	22,90%	9,31%
Provincia A Coruña	2,01%	46,90%	29,31%	21,78%
Galiza	1,97%	52,18%	25,75%	20,10%

FONTE: IGE, 1996.

A concreción destas variables na comarca do Eume amosa que en canto ao ensino infantil, primario e secundario a oferta e estrutura na comarca é similar a de outros territorios comparables. A formación ocupacional, onde só destaca a oferta existente en As Pontes, ou as escolas taller constitúen un recurso claramente infrautilizado na comarca e que reviste un potencial importante que é necesario desenvolver de cara a axeitar as características da man de obra as oportunidades e demandas do mercado.

No tocante As Pontes existe unha notoria amplitude da oferta, xa que conta co conservatorio de música, Centro de Ensino para adultos e Centro de Educación Especial de Diagnóstico e Tratamento de Nenos Autistas e Psicóticos. Servizos, sen embargo, que carecen de boa accesibilidade, dado o estado das comunicacións intracomarcais dende a maioría dos concellos, podendo desincentivar o emprego destes recursos aínda tendo en conta a maior dispoñibilidade dos potenciais usuarios para realizar certos desprazamentos cando por razón do seu custo determinadas especialidades educativas só poden estar situadas en áreas dunha certa entidade poboacional. Por outra banda, a oferta de Formación Profesional é ampla, ao contrario de Pontedeume, e axeitada ao tecido industrial local.

Existe, ademais, unha suficiente diversidade da oferta tanto en As Pontes como en Pontedeume, dada a presenza de centros concertados.

Non obstante, só Pontedeume e, en menor, medida As Pontes e Cabanas satisfacen plenamente as necesidades formativas da poboación. Nos restantes concellos as taxas de

formación superior son moi reducidas, co cal, ademáis, redúcese o potencial para afrontar futuros retos de desenvolvemento.

### **3.7. Servizos sociais.**

Neste apartado analizaremos os medios e dotacións cos que conta o territorio para posibilitar o benestar social de colectivos definidos por problemáticas ou necesidades específicas, entendendo como tales: muller, infancia, minorías étnicas, drogodependentes, terceira idade e discapacitados.

O colectivo da terceira idade é un dos máis directamente afectados polas condicións de vida existentes tanto nas vilas como no medio rural, aínda que, particularmente neste último, dados os procesos de envellecemento da poboación e despoboación que padece, poden verse especialmente desasistidos, polo que a insatisfacción das súas necesidades será ou ben un factor de expulsión ou ben un factor de descenso da calidade de vida percibida.

En canto á avaliación neste eido, debemos distinguir aqueles recursos que podemos considerar básicos (como son as residencias) e que constitúen, a estes efectos, unha condición necesaria para a existencia de calidade de vida, de aqueles outros que, polo seu carácter máis atípico ou escaseza, de existir expresarían unha alta calidade de vida e que de non existir poden constituir algunhas das aspiracións de mellora do territorio. Tal diferenza artéllase baixo os seguintes criterios:

- a) Número de prazas en residencias da terceira idade por habitantes maiores de 65 anos.
- b) Accesibilidade: física e económica aos servizos.
- c) Territorios de referencia.
- d) Servizos complementarios: centros de día, asistencia pública e privada a domicilio, servizos de comida a domicilio, etc.

**Táboa 14. Servizos á terceira idade. 1997**

<b>Concello</b>	<b>Poboación de 65 e máis</b>	<b>Índice velez</b>	<b>Prazas residencias</b>	<b>Prazas x 100 hab &gt; 65 anos</b>	<b>Centros de maiores</b>
Cabanas	680	20,9	0	0	0
Capela (A)	372	23,0	0	0	0
Moeche	519	32,8	0	0	0
Monfero	829	30,1	0	0	0
Pontedeume	1.520	17,1	106	6,97	1
As Pontes	1.821	14,6	0	0	1
San Sadurniño	1.001	28,6	0	0	0
Somozas	475	31,5	0	0	0
Vilarmaior	439	31,1	0	0	0
<b>Total Comarcal</b>	<b>7656</b>		<b>106</b>	<b>1,38</b>	<b>2</b>
Media Concellos Galegos				1,3	

FONTE: La Caixa, 2001.

O número de prazas en residencias por cada 100 habitantes maiores de 65 anos é calculable para todo o estado mediante os datos proporcionados polo Anuario Comercial de España (La Caixa), polo que no só é facilmente accesible senon que, ademais pódese comparar a información con calquera outro concello ou comarca do estado. En particular, pódese de coñecer a dotación doutros territorios que poida expresar as aspiracións ou expectativas acadables do territorio estudado.

A accesibilidade física e económica son elementos que deben ser estudados en cada caso a efectos de matizar e precisar as particulares condicións do territorio e, posteriormente, definir a estratexia que máis conveña ao seu proceso de desenvolvemento.

Ademáis das infraestruturas anteriormente citadas, poden existir servizos sociais complementarios, que xeralmente non son especificados ou desagregados en ningunha estatística, polo que resulta difícil establecer comparacións con outros territorios. Non obstante, constitúe unha información relevante que debe ser incluída no marco da análise.

No caso dos restantes colectivos, a existencia de servizos que atendan as súas demandas específicas está suxeita a múltiples circunstancias específicas, polo que podemos prever grandes diferencias duns territorios a outros, así como unha grande escaseza de datos para realizar comparacións, có que, de novo, a análise terá que ser cualitativa e contextualizada.

Nalgúns territorios cabería a existencia de vínculos familiares ou socioculturais fortes polos que as relacións de autoapoio foran densas, de xeito que a propia comunidade establecera os mecanismos mediante os que axudar a determinados colectivos, como podería ser o da terceira idade. Neste caso sería menos relevante a existencia ou non de infraestructuras. Non obstante, este tipo de prácticas son cada vez menos comúns.

Na Comarca do Eume, os recursos para a terceira idade complétanse con un Clube do Xubilado de Caixa Galiza en Pontedeume. No tocante a outros colectivos, existe un só centro de atención á muller en toda a Comarca, non existindo ningún tipo de recurso destinado a outros colectivos.

En definitiva, se ben Pontedeume conta cunha boa dotación en termos de residencias para a terceira idade, cando menos a respecto do que é esperable en función do entorno no que se inserta este concello, o territorio como conxunto é incapaz de satisfacer as necesidades da poboación maior. O elevado número de anciáns e, en particular, os índices de vellez indican unha importante demanda insatisfeita, quedando pendente de análises contextualizados, que requiren de traballo de campo, a avaliación da dotación de recursos complementarios. Todos os datos recabados ate o momento neste eido estarían a indicar unhas condicións de calidade de vida francamente mellorables.

### **3.8. Servizos Comerciais.**

A atracción que as cidades exercen sobre as vilas intermedias e as áreas rurais próximas resulta cada día maior. A grande variedade de servizos, a maior amplitude da oferta, a existencia de cadeas comerciais cuxas economías de escala permítenlles ofrecer relacións calidade/prezo moi competitivas, a oportunidade de complementar as compras con variadas ofertas de ocio e cultura, compensan o custo do desprazamento, provocando que estes desprazamentos sexan cada vez máis frecuentes. Proceso que ven facilitado pola mellora das comunicacións, que reducen o tempo necesario de acceso ás cidades.

A estes factores súmase a tendencia que está a manifestar o sector público a respecto da privatización de determinados servizos (en breve acometerase a privatización de Correos), así como no referente á concentración e incluso á supresión doutros (seguridade, educación, etc) na procura dunha redución dos custos de prestación dos servizos. Sen embargo, esa aspiración de eficiencia financeira pode obrar en dirección contraria ás necesidades de desenvolvemento do territorio.

Paralelamente, as áreas rurais están a perder (en xeral) poboación, sendo a única excepción a esta dinámica a de aqueles territorios en que se produce a chegada de poboación urbana que por diversos motivos decide vivir na periferia das cidades ou en áreas rurais. Circunstancia, en ocasións, con potencial para resolver determinados problemas asociados ao despoboamento, sempre e cando se enxira axeitadamente na estratexia local de desenvolvemento.

A redución da demanda de servizos nas zonas rurais principalmente, aínda que tamén nas vilas intermedias, xa sexa debida á competencia exterior ou á perda de poboación, pode facer descender o umbral de rendibilidade dos servizos locais. Tal situación pode provocar o incremento dos prezos ou o peche de negocios. No primeiro dos casos podería derivar a súa vez nunha nova redución da demanda e no segundo acentuará o proceso de perda paulatina de calidade de vida, có cal as posibilidades do territorio de atraer a novos residentes ou satisfacer aos actuais verase reducida. En definitiva, estableceríase un círculo vicioso perda de poboación-peche de negocios-redución da calidade de vida-perda de poboación. Dinámica que se concatena coas políticas anteriormente citadas seguidas polas administracións públicas.

Cosecuentemente, é necesario coñecer non só a posición relativa en canto á calidade de vida do territorio, senón tamén diagnosticar as súas condicións específicas para poder definir o modo en que se van a superar os retos de desenvolvemento.

De cara a coñecer a calidade de vida dun territorio relacionada coa oferta de servizos podemos empregar os seguintes indicadores, todos eles obtibles mediante o emprego dos datos publicados no Anuario Comercial de España (La Caixa):

- a) Número de comercios e dimensión media por categorías.
- b) Número de comercios por habitantes.
- c) Variedade de comercios: peso da alimentación sobre o total.

Nesta medición podemos incorporar os datos correspondentes as principais cidades en cuxa área de influencia se inserta a comarca, xa que a comparación permítemos non só establecer unha referencia superior en canto as condicións da oferta local, senón tamén perfilar en maior medida as debilidades desta última.

Ademáis, de cara a integrar os servizos na estratexia local de desenvolvemento, será necesario precisar e concretar as condicións que afectan á oferta a efectos de determinar as liñas de actuación, incorporando a esta valoración servizos non comerciais como correos, seguridade, etc. Así distinguimos catro cuestións básicas (Observatorio Europeo Leader +, 1997):

- a) Accesibilidade aos servizos: inclúe tanto termos de distancia (relación que variará en función do carácter do servizo en cuestión), como de renda, de información, así como a avaliación das tendencias en canto a deslocalización/localización de servizos no territorio.
- b) Adaptabilidade: entendida como a flexibilidade para a adaptarse as condicións cambiantes da demanda.
- c) Calidade.
- d) Prezo.
- e) Satisfacción da poboación.

A pesar da valoración que poidamos acadar mediante análises cuantitativas e cualitativas da oferta non debemos deixar de contrastalo coa percepción da demanda, pois na medida en que esta incorpora elementos subxectivos pode desviarse da valoración esperable. Para isto, se existen recursos suficientes, poden realizarse estudos de mercado, aínda que un método máis accesible sería a realización de reunións ou entrevistas con axentes do territorio que permitan contrastar a visión asentada nel sobre os servizos locais.

**Táboa 15. Clasificación do comercio minorista na comarca do Eume. 1999.**

	Alimentación		Non Alimentación		Mixto e outros		Total
	Nº	Dimensión media (m <sup>2</sup> )	Nº	Dimensión media (m <sup>2</sup> )	Nº	Dimensión media (m <sup>2</sup> )	Nº
Cabanas	23	35	21	187	5	54	49
A Capela	10	25	16	113	5	58	31
Moeche	10	36	14	165	8	60	32
Monfero	15	72	14	80	2	85	31
Pontedeume	82	44	136	213	13	52	231
As Pontes	97	48	179	118	14	154	290
San Sadurniño	19	30	21	69	9	115	49
Somozas	12	13	7	91	4	34	23
Vilarmaior	12	26	12	46	5	71	29
Ferrol	561	45	1.086	88	55	556	1.702
A Coruña	1.808	47	3.545	121	206	592	5.559

FONTE: Elaboración propia sobre Anuario Comercial de España, 2000.

Unha vez máis é necesario recalcar a necesidade de contextualizar estes indicadores sobre o territorio pois a toma de consideracións en base a apriorismos pode conducir a erros. Así, por exemplo, observamos como en moitos concellos rurais a dimensión dos comercios e similar a das principais cidades próximas (Ferrol e A Coruña), esto pode ser atribuíble a unha boa saúde do comercio local, pero tamén ao menor custo por metro cadrado construído.

Por outra banda, estes indicadores non incorporan determinados elementos cualitativos como pode ser a oferta nas cidades de determinadas marcas ou produtos de compra excepcional ou restrinxida ou a presenza de ofertas complementarias como teatros, casinos, exposicións, etc, que constitúen algúns dos elementos que contribúen a facer máis atractivo o desprazamento a estas cidades.

**Táboa 16. Caracterización do comercio minorista na comarca do eume. 1999.**

	Total	% alimentación sobre total	Comercios por 100 hab.	Dimensión media (m <sup>2</sup> )
Cabanas	49	46,9%	1,51	101,67
A Capela	31	32,3%	1,91	75,58
Moeche	32	31,3%	2,02	98,44
Monfero	31	48,4%	1,12	76,16
Pontedeume	231	35,5%	2,60	144,12
As Pontes	290	33,4%	2,33	96,23
San Sadurniño	49	38,8%	1,40	62,51
Somozas	23	52,2%	1,53	40,65
Vilarmaior	29	41,4%	2,05	41,93
Ferrol	1.702	32,9%	2,06	88,91
A Coruña	5.559	32,52%	2,28	114,11

FONTE: Anuario Comercial de España, 2000 e elaboración propia.

As análises propostas permítennos fixar os seguintes aspectos:

- I. Delimitan a localización xeográfica das debilidades da oferta.
- II. Establecen un ámbito de contrastación con outros indicadores como pode ser o de renda, ou un ámbito de complementariedade con indicadores como os de oferta educativa ou de oferta cultural.
- III. Permiten perfilar os atractivos ou fortalezas das cidades de referencia a respecto do territorio obxecto de análise.

En definitiva, teríamos que as maiores debilidades da oferta situaríanse nos concellos de As Somozas, Monfero e San Sadurniño e, en menor medida, en Vilarmador, Moeche e A Capela. Caso aparte é o de Cabanas, cuxo centro funcional é, como xa se indicou, Pontedeume.

Pola contra, Pontedeume amosa unha extraordinaria fortaleza do seu sector servizos en practicamente todos os seus segmentos, polo que a valoración da calidade de vida asociada a este factor debe ser elevada. Cabe destacar o caso de As Pontes, onde se confirma que unha elevada renda non leva necesariamente aparelada unha alta calidade de vida da poboación, xa que os indicadores da oferta de servizos amosan uns resultados moi inferiores aos de Pontedeume, onde, sen embargo, a renda é menor. Circunstancia que nos sinala a existencia de problemas no concello de As Pontes que sobardan os elementos obxectivos condicionando a calidade de vida negativamente. En particular, pode verse afectado pola falta de confianza da poboación na evolución futura e no potencial do concello.

A respecto das cidades de referencia e, en particular, da Coruña a súa fortaleza derivaría dunha máis ampla oferta de centros comerciais, grandes superficies e hipermercados (recollida en comercio mixto), que constitúen actualmente unha forma de ocio cada vez máis apreciada. Así mesmo, destacaría unha máis ampla oferta de restauración e bares, que xunto coa restante oferta cultural e de ocio constitúen un importante estímulo para a afluencia de consumidores de áreas cercanas.

Con todo, estes concellos disfrutan de servizos bancarios, de restauración, comerciais, etc, en definitiva de todo o que a este respecto permite o mantemento dun umbral de



calidade de vida aceptable polo que a curto prazo non existiran problemas graves asociados a este factor. Cuestión aparte é o caso de As Pontes, no que a incertidume sobre a súa evolución futura (contrastada mediante reunións de grupo) condiciona tanto as expectativas da poboación en canto que residentes, como en canto que provedores de servizos, influíndo negativamente na calidade de vida percibida pola poboación.

**Táboa 17. Bancos, restauración e maioristas. 1999**

	Bancos	Bancos x 1000 Hab.	Restauración e bares	Restauración x 1000 hab.	Maioristas	Maioristas x 1000 hab.
Cabanas	0	0	27	8,31	8	2,46
A Capela	2	1,24	13	8,03	5	3,09
Moeche	2	1,26	14	8,84	4	2,53
Monfero	1	0,36	21	7,61	8	2,90
Pontedeume	10	1,12	113	12,71	17	1,91
As Pontes	10	0,80	104	8,34	21	1,68
San Sadurniño	3	0,86	26	7,42	11	3,14
Somozas	1	0,66	9	5,98	5	3,32
Vilarmaior	0	0,00	9	6,37	4	2,83
Ferrol	53	0,64	720	8,72	220	2,67
A Coruña	249	1,02	2.228	9,16	1.506	6,19

FONTE: Elaboración propia sobre Anuario Comercial de España, 2000.

### **3.9. Entorno natural e patrimonial**

Nas sociedades industrializadas a natureza estase a converter nun ben escaso, o que significa que se incrementa a apreciación que a sociedade fai deste ben, polo que aumenta a súa demanda. Paralelamente estase a incrementar o aprezo pola arquitectura popular ou tradicional, de modo que aquelas áreas ou núcleos cun deseño ou unha configuración máis harmónica provocan unha maior satisfacción dos residentes e un maior interese por parte dos visitantes.

Ocorre que a configuración dese entorno determínase en base a concorrencia sobre o espacio de usos, intereses, valores, culturas e tendencias diverxentes, cuxo resultado variará substancialmente duns territorios a outros. Tal xogo concrétese fundamentalmente sobre unha liña trazada entre a homoxeneización das paisaxes naturais e urbanos propia dos impulsos procedentes dos procesos de globalización e a preservación de espazos e formas tradicionais ou autóctonas propia do predominio das forzas ou valores locais.

Máis aínda, debemos ter en conta que no interior do territorio en cuestión e sobre un mesmo recurso poden existir conflitos de intereses que determinaran visións da calidade de vida que ese recurso proporciona que poden resultar incluso contrapostas. Así, por exemplo, non é a mesma a visión que sobre un prado, un bosque ou un río ten un produtor agrícola ou gandeiro, que a que ten un habitante dunha vila próxima, un residente rural de fin de semana ou un empregado urbano con residencia no rural.

A efectos de establecer unha análise sistemática destas relacións podemos basearnos nas seguintes cuestións:

- a) Calidade dos elementos.
  - Auga.
  - Terra.
  - Aire.
- b) Calidade medioambiental.
  - Biodiversidade e diversidade da paisaxe.
  - Percepción da paisaxe.
- c) Calidade urbanística.
  - Modelo urbanístico.
  - Normas de planeamento.

*A calidade dos elementos* debe ser medida en primeiro lugar a respecto dos indicadores establecidos pola lexislación vixente en cada caso. No caso de que esta lexislación sexa insuficiente ou non garanta unha axeitada protección da saúde das persoas e do medio natural deberán establecerse indicadores que permitan medir a corrección desa circunstancia, sexan indicadores de CO<sub>2</sub>, de SO<sub>2</sub>, balance de nitróxeno nas terras agrarias, salinización, presenza de pesticidas, etc. Indicadores que se adaptarán as circunstancias de cada territorio.

Ademáis dos indicadores citados no párrafo anterior, existen unha serie de aspectos específicos que haberá que incluír nas valoracións, como o tratamento dos residuos nas áreas urbanas ou os residuos agrarios (xurros, por exemplo) e os vertedoiros

incontrolados nas rurais, así como calquera outro que supoña unha degradación ambiental.

En canto a *calidade medioambiental* teremos en conta en primeiro lugar a biodiversidade. Un alto índice de biodiversidade estaremos indicar unha boa calidade do ambiente, a vez que unha gran preservación do medio natural propio ou tradicional dese territorio. De feito a Unión Europea está a estudar na actualidade o emprego de indicadores de biodiversidade, en particular o número de especies de paxaros, xa que a maior presenza asóciase a hábitats de maior calidade ecolóxica (*Indicadores para la integración de las consideraciones medioambientales en la Política Agrícola Común*. Comisión de las Comunidades Europeas, 2000). Esa biodiversidade irá, normalmente, asociada á diversidade da paisaxe, o cal suporá un valor ecolóxico e estético que mellorará a calidade de vida da poboación.

Non obstante, debemos ter en conta a problemática da percepción da paisaxe, xa que determinados entornos cunha alta biodiversidade poden non ser percibidos pola poboación como paisaxes de alto valor na medida en que non se adecúen ao paradigma verde ou boscoso, que é o máis apreciado na cultura actual. A vez xurdirá o problema de intereses entre os diversos tipos de usuarios.

Finalmente, e na medida en que existe un aprezo crecente a estética tanto das cidades como dos núcleos rurais, debemos ter en conta en primeiro lugar o modelo de ordenamento existente, polo que deberemos confirmar a tipoloxía da normativa urbanística existente e o seu resultado, en base a existencia de zoas verdes, espacios comunitarios, e preservación de tipoloxías constructivas tradicionais nas vilas, así como o grao de dispersión das vivendas e preservación ou adecuación as tipoloxías autóctonas no medio rural.

A vantaxe deste tipo de indicadores é que non necesitan ser referenciados en base a outros territorios, senón en base a umbrais máximos ou mínimos previamente definidos, polo que á única dificultade será nalgúns casos a necesidade de probas físicas ou bioquímicas, e noutros análise cualitativos (diversidade da paisaxe por exemplo) contextualizados.

No caso que nos ocupa carecemos dun estudo sistemático do estado da terra, o ar e a agua. Non obstante, consideramos plausible a hipótese de que o maior impacto no medio ambiente procede das actividades vinculadas a produción de electricidade na Central Térmica de As pontes. No Cadro 1 recolleemos o conxunto dos impactos que provoca no medio a actividade dunha central como a de ENDESA e que nos pode servir de referencia para formarnos unha idea da repercusión que podemos esperar na Comarca do Eume, sobre todo se temos en conta que se trata da 3ª central máis contaminante de Europa, cunhas emisións de SO<sub>2</sub> de 220.000 Tn ano, 31.000 Tn de compostos de nitróxeno e 11 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub> (Barrett, 2000). As consecuencias destas emisións deixanse sentir en efectos como a elevada contaminación do Río Eume ou do Encoro do Eume, así como en efectos sobre as plantas (decoloración, perda de vigor, redución do crecemento, queimaduras, etc), na saúde

#### **Cadro 1. Emisión de Contaminantes e Impacto Sobre o Medio Ambiente das Centrais Térmicas.**

<b>1. ATMÓSFERA:</b> Contaminantes primarios (Emitidos polas chimenés) Dióxido de Xofre. Compostos de nitróxeno. Dióxido de carbono Partículas. Metais pesado. Cloro... Contaminantes secundarios (Formados por reaccións na atmósfera): Acido sulfúrico. Acido nítrico. Acido clorídrico. Ozono	<b>3. TERREOS:</b> Ocupación de grandes extensións de terreo. Alteración da paisaxe e do medio. Formación de inmensas bacías. Formación de escombresiras. Perturbacións de hábitats naturais. Alteracións en manantiais subterráneos. Problemas para as vivendas próximas á mina. Problemas para os ríos e regatos próximos.
<b>2. AUGA:</b> Verquidos ácidos. Escorrentía. Augas residuais. Contaminación térmica. Verquidos químicos.	<b>4. OUTROS:</b> Liñas de alta tensión: impacto visual e impacto na fauna avícola. Necesidade de encoros: asulagamento das mellores terras, eutrofización, desaparición de especies ictícolas, cambios no microclima. Parques de carbón: pó fuxitivo en portos e minas. Xeración de residuos sólidos. Ruídos.

das persoas (irritacións e afeccións no sistema respiratorio e nos ollos) e nos materiais (corrosión). Finalmente, materialízase tamén en forma de choiva ácida (Varela Díaz, 1993). Ademais destes efectos directos o impacto da central térmica prodúcese tamén no plano simbólico, xa que a asociación dela ao territorio deriva nunha imaxe, tanto interna como externa pouco positiva e asociada á contaminación.

Por outra banda, as reunións con axentes do territorio permitiron verificar unha elevada preocupación asociada aos vertedoiros incontrolados e ao emprego de xurros no medio rural.

A presenza de aves nativas no territorio de Euroeume permítenos clasificar a biodiversidade desta comarca como media<sup>7</sup> (entre 51 e 75 especies), coa excepción das Fragas do Eume, onde a biodiversidade é elevada (entre 76 e 100 especies). Non obstante, e a efectos de relativizar esta información, debemos indicar que tanto en Galiza (concretamente no sur de Ourense, na zona da baixa limia), como en diversos territorios do Estado existen áreas onde o biodiversidade é superior, rexistrándose máis de 100 aves por cada 100 km<sup>2</sup>.

O valor ecolóxico das Fragas do Eume deu lugar a protección deste espacio mediante a figura de parque natural. A presenza de outros hábitats valiosos poder ser avaliada en base ao listado da proposta galega da Rede Natura 2000, que inclúe varios Lugares de Interese Comunitario (LICs) nesta comarca: o sistema fluvial composto polos ríos Xubia e Castro (que afecta, entre outros aos concellos de A Capela, Moeche, San Saduriño, Somozas e As Pontes), o LIC Ortigueira-Mera (que afecta, entre outros aos concellos de As Pontes e Somozas) e o LIC Serra o Xistral (que afecta parcialmente ao concello de As Pontes). Non obstante, so As Fragas do Eume, e o LIC Xubia-Castro, acadan unha entidade relevante en canto á superficie da comarca incluída. Outros espazos de interese son a Ría do Eume e o Monte Forgoselo (López Iglesias, 2001), se ben estes carecen de calquera figura de protección específica.

---

<sup>7</sup> O *Atlas de las Aves Reproductoras de España* (Martí et Alt, 2003), divide o territorio do Estado en 5.600 cuadrículas de 10x10 Km, que foron cubertas por unha serie de colaboradores cúa labor consistía en rexistrar as aves presentes en cada área. Unha vez obtidos os datos, clasificouse cada cuadrícula en función de 5 categorías: presenza de 1-15 especies, 26-50 especies, 51-75 especies, 76-100 especies e máis de 100 especies. No noso caso tomamos as 7 cuadrículas que en maior medida se axustaban ao territorio de Euroeume. Unha medida aínda máis precisa podería obterse contado o número exacto de aves presentes nesas cuadrículas, non obstante consideramos que a clasificación anterior proporciona un indicador sólido de biodiversidade.

Finalmente, esta comarca conta cun importante patrimonio<sup>8</sup> histórico construído, que sen embargo, carece de suficiente valorización. Así mesmo a reducida normativa urbanística e a falla de control están a provocar un importante deterioro estético nos núcleos rurais.

En definitiva, podemos afirmar que a Comarca do Eume dispón dun importantes valores ambientais que, sen embargo, sufren un importante impacto como consecuencia, sobre todo da actividade da Central Térmica de As Pontes, cúa presenza condiciona negativamente a calidade de vida, tanto como consecuencia do efecto sobre a saúde das persoas e do medio natural, como polo efecto que provoca na imaxe do territorio.

#### **4. CONCLUSIÓNS.**

Ao longo das páxinas anteriores en ningún caso o que quixemos foi plantexar un modelo universal nin de análise da cuestión da calidade de vida, nin, dende logo, de resolución dos problemas de desenvolvemento dos territorios. Non en todos os casos a consecución dunha maior calidade de vida será un factor crítico para o desenvolvemento, pero para aqueles en que si o sexa quixemos, en primeiro lugar, poñer de manifesto a incidencia da calidade de vida nos procesos de desenvolvemento e, polo tanto, o seu papel como causa do progreso do territorio e non só como consecuencia. En segundo lugar, prover unha estrutura de análise sólida e completa.

Pero precisamente por que non se trata dun modelo universal esa estrutura debe ser interpretada con flexibilidade, adaptándoa as características, condicionantes e retos de cada territorio, que para cada caso estarán combinados de xeito diferente.

Por outra banda, un dos obxectivos que nos plantexábamos ao comenzo deste traballo era comprobar a capacidade analítica dos indicadores propostos. Neste senso atopamos dous tipos fundamentais de restriccións, unha relacionada coa insuficiencia das estatísticas oficiais e, en particular, coa súa inadaptación para traballar a nivel local. Nin o tipo de datos nin a súa desagregación é, nun importante número de casos, axeitada para o eido local.

---

<sup>8</sup> Unha relación do patrimonio histórico construído dos concellos galegos podemos atopala en Fariña Jamaro (1993), que nos porporcionará unha base de datos sistemática e cuantitativa para a análise.

En segundo lugar, atopamos as restriccións lóxicas da análise cuantitativa, que deben ser superadas mediante análises cualitativas e, sobre todo, mediante a contextualización dos datos no territorio, pois un mesmo dado pode ter significados distintos en función do escenario no que se enxira. Será esa contextualización a que nos permita determinar os factores determinantes da percepción que a poboación ten da calidade de vida.

No proceso de reflexión estratéxica necesario para a contextualización dos datos comprobamos que resultaba necesario cruzar os diversos pares de factores determinantes da calidade de vida para determinar en que senso as diversas características e condicións do territorio incidían no desenvolvemento deste.

Temos, polo tanto, dous tipos de coñecemento que é necesario cruzar, o que nos proporcionan os indicadores propostos e o que nos proporcionan os factores determinantes, que nos permitirán establecer en que senso actúan as forzas que determinan a calidade de vida da comarca ou territorio en cuestión.

---

Outro aspecto a ter en conta será o valor histórico, arquitectónico ou simbólico dos elementos en cuestión.

## BIBLIOGRAFÍA.

**Barrett, M.** (2000). The Worst and the Best. Atmospheric Emmissions from Large Point Sources in Europe. Air Pollution an Climate Series, nº 15. Swedish NGO secretariat on Acid Rain. Göteborg.

**Bouzada Fernández, X. ; Pidal Diéguez, B. ; Rodríguez Andrade, L. (Coords.)**. (1991). Mapa Cultural de Galicia (I). A Situación Sociocultural dos Concellos Galegos. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

**La Caixa** (2001). Anuario Económico de España. 2000. Servicio de Estudios de La Caixa, Barcelona.

**La Caixa** (2001). Anuario social de España. 2000. Servicio de Estudios de La Caixa, Barcelona

**Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia.**<http://www.xunta.es/conselle/cma/>

**Del Castillo, J (Dir.)**. (1994). Manual de desarrollo local. Gobierno Vasco. Dpto. de Economía y Hacienda. Victoria-Gasteiz.

**Cantril, H.** (1965). The patterns of human concerns. Rutgers University Press, New Brunswick.

**Comisión de las Comunidades Europeas** (2000). Indicadores para la Integración de las Consideraciones Medioambientales en la Política Agrícola Común. Bruselas.

**Consellería de Educación e Ordenación Universitaria** (2000). O ensino en Galicia. Guía 2000-2001. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

**Delgado de Bravo, M. T.** (1998). “Propuesta de Medición de la Calidad de Vida Urbana como Objetivo de Planificación y Gestión Local”. En G. Velázquez (Ed.), *El Perfil de la Ciudad. Indicadores Básicos de Calidad de Vida*. Buenos Aires.

**Espinosa Henao, O. M.** (2001). “Una Aproximación al Concepto *Calidad de Vida*. Elementos para un debate interdisciplinar sobre el desarrollo”. *X Congreso de la Federación Internacional de Estudios sobre América Latina y el Caribe*. Moscú.

**Fariña Jamardo**, (1993) Os Concellos Galegos. Fundación Barrié de la Maza.

**Gallopin, G.** (1982). Calidad de Vida y Necesidades Humanas. MARNR, Proyecto Sistemas Ambientales Venezolanos, Doc 12. Caracas

**Hummel, B.** (1999). “Participación ciudadana, calidad de vida e indicadores de progreso de la sociedad civil de estados unidos”. En F. Rodríguez Gutiérrez (Ed.), *Manual de desarrollo local*. Ed. Trea.Gijón.



**IGE.** Instituto Galego de Estatística. <http://www.ige.xunta.es>

**INE.** Instituto Nacional de Estatística. <http://www.ine.es>

**Kotler, P; Haider, D; Reir, I.** (1994). Mercadotecnia de localidades. Como atraer inversiones, industrias y turismo a ciudades, regiones, estados y países. Editorial Diana. México.

**López Iglesias, E. (Dir.).** (2001). Plan estratéxico de desarrollo rural para o territorio Euroeume. Santiago de Compostela. Inédito.

**Martí, R.; Del Moral, J. C. (Eds.).** (2003). Atlas de la Aves Reproductoras de España. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-Sociedad Española de Ornitología. Madrid.

**Observatorio Europeo Leader +.** (1997) Desarrollar los Servicios a la Población en el Medio Rural. <http://www.rural-europe.acidl.be/>

**Requejo Osorio, A.; Caride Gómez, J. A. (Coords.).** (1991). Mapa Cultural de Galicia (II). O Asociacionismo Cultural en Galicia. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

**Sánchez Pérez-Moneo, L.** (1993). “Posibilidades del desarrollo local en el medio rural”. En *Jornadas sobre desarrollo rural. El mundo rural en una encrucijada: repercusiones territoriales de la política agraria común*. Diputación de León. León.

**Secretaría Xeral para o Deporte** (1999). Análise das Actuacións da Secretaría Xeral para o Deporte 1989-1999. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

**Unión Europea. Comité de las Regiones.** (1999). Evaluar la Calidad de Vida en las Regiones y Ciudades Europeas. Oficina de publicaciones oficiales de las comunidades europeas, Luxemburgo.

**Varela Díaz, R.** (1993). Centrais Térmicas e Choiva Ácida. Cerna, nº 7.

**Vázquez Pumariño, X.** “Reflexións sobre a Biodiversidade en Galiza”. En <http://www.adegagaliza.org/documentacion> .

## DOCUMENTOS DE TRABALLO XA PUBLICADOS.

### ÁREA DE ANÁLISE ECONÓMICA

22. UN MODELO INTERTEMPORAL DE LA BALANZA POR CUENTA CORRIENTE DE LA ECONOMÍA ESPAÑOLA: LA RELEVANCIA DEL PROCESO DE FORMACIÓN DE EXPECTATIVAS CONSIDERADO. (**Belén Fernández Castro**)
23. UN MODELO EXPLICATIVO DE LA LOCALIZACIÓN REGIONAL DE LA INVERSIÓN EXTRANJERA DIRECTA. UNA APLICACIÓN A LA ECONOMÍA ESPAÑOLA. (**Raquel Díaz Vázquez**)
24. NITRATE POLLUTION IN INLAND WATERS: CAUSES, CONSEQUENCES AND POLICY. (**Raimundo Viejo Rubio**)
25. LA DEUDA CONVERTIBLE: UNA VISIÓN HISTÓRICA (**Alejandro M. Fernández Castro**)
26. CRECIMIENTO CON PROGRESO TÉCNICO EN EL MODELO DE JOHN VON NEUMANN (**Raquel Díaz Vázquez**)

### ÁREA DE ECONOMÍA APLICADA

15. LO MACRO, LO MICRO Y LOS POLÍTICOS EN LA NUEVA ECONOMÍA INSTITUCIONAL. (**Gonzalo Caballero**)
16. A EFICIENCIA TÉCNICA DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS NA COMARCA INTERIOR DA PROVINCIA DE A CORUÑA. INFLUENCIA DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA. (**Alfonso Ribas Álvarez, Gonzalo Flores Calvete y Claudio López Garrido**)
17. DESARME ARANCELARIO DEL MERCADO GALLEGO Y EVOLUCIÓN DE LAS IMPORTACIONES DE BIENES. (**Iván López Martínez y Beatriz García-Carro Peña**)
18. A XEOGRAFÍA ECONÓMICA DOS SERVIZOS ÁS EMPRESAS EN ESPAÑA (**Manuel González López**)
19. THE EVOLUTION OF INSTITUTIONS AND STATE GOVERNING PUBLIC CHOICE IN THE SECOND HALF OF TWENTIETH-CENTURY SPAIN (**Gonzalo Caballero Miguez**)

### ÁREA DE HISTORIA

11. GALICIA NOS TEMPOS DE MEDO E FAME: AUTOARQUÍA, SOCIEDADE E MERCADO NEGRO NO PRIMEIRO FRANQUISMO, 1936-1959. (**Raúl Soutelo Vázquez**)
12. ORGANIZACIÓN E MOBILIZACIÓN DOS TRABALLADORES DURANTE O FRANQUISMO. A FOLGA XERAL DE VIGO DO ANO 1972. (**Mario Domínguez Cabaleiro, José Gómez Alén, Pedro Lago Peñas y Víctor Santidrián Arias**)
13. EN TORNO Ó ELDUAYENISMO: REFLEXIÓNS SOBRE A POLÍTICA CLIENTELISTA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. 1856-1879. (**Felipe Castro Pérez**)
14. AS ESTADÍSTICAS PARA O ESTUDIO DA AGRICULTURA GALEGA NO PRIMEIRO TERCIO DO SÉCULO XX. ANÁLISE CRÍTICA. (**David Soto Fernández**)
15. INNOVACIÓN TECNOLÓXICA NA AGRICULTURA GALEGA (**Antom Santos - Pablo Jacobo Durán García - Antonio Miguez Macho**)

### ÁREA DE XEOGRAFÍA

9. A PRODUCCIÓN DE ESPACIO TURÍSTICO E DE OCIO NA MARXE NORTE DA RÍA DE PONTEVEDRA. (**Carlos Alberto Patiño Romarís**)
10. DESENVOLVEMENTO URBANO E DIFUSIÓN XEOLINGÜÍSTICA: ALGÚNS APUNTAMENTOS SOBRE O CASO GALLEGO. (**Carlos Valcárcel Riveiro**)
11. NACIONALISMO Y EDUCACIÓN GEOGRÁFICA EN LA ESPAÑA DEL SIGLO XX. UNA APROXIMACIÓN A TRAVÉS DE LOS MANUALES DE BACHILLERATO. (**Jacobo García Álvarez e Daniel Marías Martínez**)
12. NOVO SENTIDO DA LUTA DE CLASSES E DO CONTROL SOCIAL NO MEIO RURAL UMA CONTRIBUÇÃO À GEOGRAFIA DO CONFLITO CAPITAL X TRABALLO. (**Jorge Montenegro Gómez y Antonio Thomaz Júnior**)
13. MARKETING TERRITORIAL E ESPAÇOS VIRTUAIS A INDÚSTRIA DO TURISMO NOS AÇORES E NO SUDOESTE DA IRLANDA. (**João Sarmento**)

### EDICIÓN ELECTRÓNICA

*Tódolos documentos de traballo pódense descolgar libremnte da páxina web do instituto ([www.usc.es/idega](http://www.usc.es/idega))*

## NORMAS PARA A REMISIÓN DE ORIXINAIS:

Deberán ser remitidos tres exemplares do traballo e unha copia en diskette ao Director do IDEGA: Avda. das Ciencias s/n. Campus Universitario Sur 15782 Santiago de Compostela, cumprindo coas seguintes normas:

1. A primeira páxina deberá incluír o título, o/os nome/s, enderezo/s, teléfono/s, correo electrónico e institución/s ás que pertence o/os autor/es, un índice, 5 palabras chave ou descriptors, así como dous resumos dun máximo de 200-250 palabras: un na lingua na que estea escrita o traballo e outro en inglés.
2. O texto estará en interlineado 1,5 con marxes mínimas de tres centímetros, e cunha extensión máxima de cincuenta folios incluídas as notas e a bibliografía.
3. A bibliografía se presentará alfabeticamente ao final do texto seguindo o modelo: Apelidos e iniciais do autor en maiúsculas, ano de publicación entre paréntese e distinguindo a, b, c, en caso de máis dunha obra do mesmo autor no mesmo ano. Título en cursiva. Os títulos de artigo irán entre aspas e os nomes das revistas en cursiva, lugar de publicación e editorial (en caso de libro), e, en caso de revista, volume e nº de revista seguido das páxinas inicial e final unidas por un guión.
4. As referencias bibliográficas no texto e nas notas ao pé seguirán os modelos habituais nas diferentes especialidades científicas.
5. O soporte informático empregado deberá ser Word (Office 97) para Windows 9x, Excell ou Access.
6. A dirección do IDEGA acusará recibo dos orixinais e resolverá sobre a súa publicación nun prazo prudencial. Terán preferencia os traballos presentados ás Sesións Científicas do Instituto.

O IDEGA someterá tódolos traballos recibidos a avaliación. Serán criterios de selección o nivel científico e a contribución dos mesmos á análise da realidade socio-económica galega.